

Almanaque Agrícola

ano
LXIV



Ano 2016
Ano bisesto



FUNDACIÓN
XOSÉ SOTO DE FIÓN

ECOMUSEO
DE ARXERIZ
COLECCIÓN VISITABLE

Ecomuseo de Arxeriz
(Ribeira Sacra). Lugo.

syngenta.

Participe no sorteo de:

- Unha **viaxe a Canarias** para 2 persoas.
- A **motoserra** que sortearase na súa zona.



O sulfato anti-mildeu para:

- Viñedos
- Patacas
- Tomateiras



 **Cobre Súper**[®]
Plus

syngenta.

Sulfato preventivo e curativo axeitado
para os viñedos de Galicia

Índice

A nosa fábrica. Semanas de Seguridade no Porriño			4
Rescatando anacos do noso pasado: A Camelia			8
Rescatando un anaco da nosa cultura: "O Oficio de Apicultor"			13
Convocatoria novo certame: "A salgadura e secado do peixe"			24
As nosas castes de vide: A variedade "Dona Branca"			26
Xaneiro	30	Santiago	42
Febreiro	32	Agosto	44
Marzo	34	Setembro	46
Abril	36	Outubro	48
Maio	38	Novembro	50
San Xoán	40	Nadal	52
Guieiro de herbas medicinais			55
Guía de tratamentos viñedos galegos			58
Outros males da viña			60
Consellos para os coidados da viña			62
Tratamentos das froiteiras de carabuña			65
Tratamentos a facer nas maceiras e pereiras			66
Tratamentos de invernadoiros e hortas			68
Tratamentos das patacas			70
Tratamentos do millo e outros cereais			73
O Parque Natural: Serra da Enciña da Lastra			74
Feiras gastronómicas			80
Catálogo xeral de sementes			87
Catálogo xeral de produtos fitosanitarios			94
Valor dos ferrados galegos en metros cadrados			107
Lendas			110
Enderezos dos nosos colaboradores			113



A nosa fábrica

Semanas de Seguridade no Porriño

Celebrabamos o ano pasado, nestas mesmas páxinas, o 75 aniversario da Fábrica de Syngenta España situada entre os municipios de Mos e O Porriño na provincia de Pontevedra.

Pois ben, gustaríame agora facelos partícipes doutra importante efeméride que se encadra no enorme esforzo que se fixo nos últimos anos para dispoñer duns niveis altísimos en canto á xestión que facemos de Seguridade, Saúde, Medio Ambiente e Calidade.

Trátase de algo que é xa unha tradición para nós: os 18 aniversarios da nosa afamada “Semana da Seguridade”. Efectivamente este evento, dunha semana de duración orixinalmente e que agora é mesmo máis longo e que levamos a cabo normalmente no mes de decembro, supón dedicar unhas xornadas para dispoñer de actividades de formación e sensibilización de todos os nosos traballadores e colaboradores nas áreas citadas, de tal maneira que todos e cada un dos compoñentes desta gran familia que é a Fábrica de Syngenta no Porriño-Mos convertémonos en verdadeiros embaixadores destes temas e comprometémonos a levalos a cabo non só na nosa actividade de traballo senón tamén na nosa vida privada, coas nosas familias e amizades.

É unha parte intrínseca da nosa actividade, de tal xeito que nós nos dedicamos a producir produtos para a protección das colleitas e das sementes e ademais dispoñemos de forma colectiva dun extenso coñecemento e cultura de Seguridade. Isto é algo que, simplemente, se “palpa” nada máis cruzar as portas de entrada á fábrica e do que todos nos sentimos moi orgullosos.

Este ano 2015 cumpre a maioría de idade, desta forma, unha intensa semana de actividades diversas que unen o aprender divertíndose con charlas de formación máis formais, con invitados externos e con monitores da propia compañía, incluso os propios traballadores actúan de “mestres” en moitos casos? No momento de escribir estas páxinas estamos xa preparando (facémo-lo con moita antelación) o programa deste ano 2015, pero non podo darlles os detalles posto que sempre hai un elemento de sorpresa con concursos e premios para os mellores en cada disciplina. Este ano será especial e esperamos superar o éxito dos anos anteriores posto que especial é cumprir a maioría de idade.

Con todo, vou amosarlles unha pequena viaxe sobre o que fixemos en semanas de anos anteriores e que, por certo, estamos encantados de compartir con vostedes se temos a honra de que sexan os nosos visitantes.




1998

O camiño cara á excelencia en HSE foi moi moi longo, e comeza alá por **1998**:

Nese ano botou a andar timidamente a primeira Semana de Seguridade, cun póster sinxelo e unhas formacións sinxelas, pero ambiciosas. Estamos a pórnos en marcha.

Avanzan os anos e a mensaxe e contido da Semana de Seguridade van cada vez máis ligados ás novas necesidades da Fábrica nunha contorna cada vez máis exixente e transparente, sempre con espírito innovador e construtivo, para irnos superando ano a ano e podermos demostrar a todo o mundo o respecto con que abordamos os temas de seguridade, saúde e medio ambiente.



2000

No ano **2000** conseguimos a Certificación Internacional ISO 14.001 sobre protección do medio ambiente e trabábase moito para mellorar a sustentabilidade da actividade da Fábrica, polo que centramos a Semana de Seguridade no medio ambiente.

2003

En **2003** xa se perfila a gran prioridade da nosa contorna e actividade, que é a seguridade, e en anos sucesivos dirixense todos os esforzos a mellorar a cultura de seguridade, cambiar hábitos e formas de traballo, sempre pensando, antes de actuar, e pensando na SEGURIDADE.



2004 - 2007

En anos sucesivos traballamos para que a nosa meta sexa ter 0 incidentes, ningún incidente é xustificable. Faise mais fincapé aínda nos temas da Saúde dos nosos traballadores, con formacións en primeiros auxilios, nutrición, xornadas de estrés, manexo de extintores, etc. E comézase a traballar na saúde integral, non só no ámbito laboral, senón tamén fóra do traballo.

2008

No ano **2008** hai unha mellora importante do noso Plan de Emerxencia Interior e unha sensibilidade especial ante situacións de emerxencia reais da nosa contorna, polo que se centra a Semana de Seguridade na sensibilización ante unha emerxencia e coñecemento a fondo dos protocolos do persoal involucrado no noso Plan de Emerxencia Interior.



2009

En 2009 seguimos con máis situacións de emerxencia, accidentes e activacións de plans de emerxencia da nosa contorna, e as autoridades elaboran o PEE (Plan de Emerxencia Exterior de Syngenta), onde se organizan os medios de aviso á poboación, no caso de que houboese unha situación de emerxencia, con formacións en concellos lindeiros, colexios, hospitais e a toda a poboación da zona. Un traballo importante que quixemos compartir con todo o persoal e do que son partícipes desde o principio por vivir a gran maioría do persoal na zona.

2010

En 2010 celebramos máis de 1.000 días sen accidentes con baixa laboral, pero sen baixar a garda. Lembremos os riscos que temos presentes a diario na nosa contorna de traballo e as medidas de precaución nas que sempre debemos pensar antes de actuar.



2012

E por fin chega o ano 2012...

Nace un ESPAZO no Porriño chamado "EXPO Seguridade e Saúde", que se inaugura no mes de xuño coa presenza de responsables da Compañía ao máis alto nivel, entre eles o director de produción de Europa e o director xeral de Producción e Subministración Mundial e membro do Comité Executivo da Compañía.

O obxectivo é sensibilizar a todo o persoal, colaboradores e visitas en materia de Seguridade (no seu sentido máis amplo: seguridade no traballo, saúde, protección dos traballadores...)

EXPO SAUDE SEGURIDADE

Trátase dun espazo interactivo, composto por 8 Salas, nas que os traballadores se confrontan a diferentes probas e situacións relacionadas con Seguridade e Saúde, e analizan situacións reais do traballo na fábrica cos riscos que leva.





Para que serve?

- Para sensibilizar a **TODOS** os que por ela pasen.
 - Para trasladar os requirimentos de seguridade do grupo.
 - Para concienciar os empregados sobre a importancia das medidas de seguridade.
 - Para demostrar aos empregados, contratas, visitas... a preocupación de Syngenta polos temas relacionados con Seguridade e Saúde.
- Para conseguir que **TODOS** nos comprometamos coa seguridade.

E, por suposto, ese ano 2012 a Semana de Seguridade dedicámoslla á EXPO, despois de gañar un importante premio dentro da Compañía dedicado á Innovación en temas de Saúde e Seguridade.




2013

E seguimos traballando. En **2013** realizamos o primeiro SIMULACRO do Plan de Emerxencia, coa colaboración de toda a poboación do Porriño e Mos, bombeiros servizos sanitarios, protección civil, etc., supervisado polas autoridades da Xunta de Galicia así como a presenza de xornalistas. Todo co obxectivo de estar preparados ante calquera eventualidade, altamente improbable, pero debemos estar sempre preparados.



2014

Na nosa última Semana de Seguridade, en **2014**, apostamos pola Innovación, orientámonos cara a ese camiño, porque sen innovación non hai futuro, e a Fábrica do Porriño ten moito FUTURO por diante. Así o celebramos nas nosas Semanas de Seguridade ano a ano, e seguiremos facéndoo por moito tempo e no que participemos **TODOS** os traballadores.



A Camelia



Pazo Quiñones de León (Vigo)

As camelias son nativas da China, Xapón, Indochina e de varias illas nos arredores deses países. Durante a dinastía Ming as camelias foron consideradas como “a flor máis fermosa que hai baixo os ceos”. En Xapón, durante séculos, foron unha parte máis da súa cultura diaria. Tsu-ba-ki é o nome xaponés da *Camellia japonica*, e sa-za-n-ka’s da *Camellia sasanqua*. Estas dúas especies constitúen a orixe de moitas das variedades hoxe en día coñecidas en Europa.

A camelia introduciuse en Europa no século XVIII, e crese que chegou a Portugal antes que a Inglaterra, e de alí difundiu-se o seu cultivo a España, sobre todo a Galicia, onde a súa presenza se remonta a principios do século XIX. Nun principio instaláronse nos xardíns

dos pazos e casas señoriais da nobreza galega, pero co tempo foron entrando nos xardíns e leiras, tanto públicos como privados, de toda a nosa xeografía, ata converter Galicia nun referente internacional no cultivo e produción desta planta. Na actualidade a comunidade atesoura case 8.000 variedades diferentes de camelia.

Descrición e ecoloxía

Todas as especies son arbustos e pequenas árbores, pero que poden acadar os 10 m de altura. A follaxe é perenne, con follas coriáceas, dun verde escuro brillante, enteiras, puntiagudas e de bordos enteiros ou lixeiramente serrados.

O toro ten a tona de cor verdosa ou castaña grisácea e as ponlas ascendentes saen case desde o pé.

As flores son xeralmente grandes, con cinco sépalos e cinco pétalos (téñense conseguido híbridos con dobre ou múltiple corola e gran cantidade de pétalos), as cores varían do branco ao vermello pasando polo rosa e, ocasionalmente, poden aparecer combinadas no mesmo pé e incluso manchadas nessas tonalidades. Florece entre os meses de novembro e abril.

O froito é seco e só aparecen variedades con flores simples ou semidobres con carpelos fértiles, en cápsulas esféricas, duras e leñosas, duns 3 centímetros, bilobulado ou trilobulado, cunha ou dúas sementes por cavidade.

As camelias necesitan desenvolverse nun clima moi húmido e suave ao longo do verán e frío no inverno, aínda que nunca a temperaturas por debaixo do 5 °C. Adáptase moi ben ao clima do norte da Península Ibérica, especialmente ao clima de Galicia e concretamente ao das Rías Baixas. En xeral, non toleran os cambios bruscos de temperatura e humidade, precisan dun ambiente fresco, moi ventilado e claro, pero mellor sen a luz directa do sol. O ideal é unha área medio sombreada. Medra sobre substrato acedo, con abundante materia orgánica e con boa drenaxe. Precisan abundante auga, especialmente durante o verán, cando o solo debe manter un bo nivel de humidade.

Usos

A camelia é un produto único de Galicia, de gran valor, que recolle valores emocionais e simbólicos da linguaxe oculta dos xardíns galegos, que coinciden coa imaxe de evocación, misterio, lenda, que ten o turista que vén visitar Galicia. Introducidas no século XIX nos xardíns da nobreza e burguesía galega



e moito menos para o resto dos estratos sociais, as camelias popularizáronse en todos os xardíns e rúas de Galicia a partir de mediados do século XX.

A camelia, que en practicamente todo o mundo é coñecida pola súa función ornamental, posúe outros usos como son a produción de **aceite** (comercializado actualmente en China e noutras zonas asiáticas). Dende hai varios anos, investigadores da Estación Fitopatolóxica de Areeiro (Pontevedra) están estudando as posibilidades de potenciar a produción de aceite de camelia, que ás súas propiedades cosméticas engade o seu alto valor culinario, maior incluso que o aceite de oliva. O Pazo de Rubiáns (Vilagarcía de Arousa) elabora o seu propio aceite de camelia, como



produto hidratante, que comercializa a través de internet, ademais de xabón e crema facial que obtén das mesmas plantas. Este aceite con alto contido en ácidos graxos convérteo nun produto perfecto para restablecer a elasticidade, o equilibrio e a suavidade da pel, polo tanto, na súa aplicación na industria **cosmética**. Se as condicións climáticas de Galicia son propi-




cias para a obtención dun excelente aceite, tamén o son para a produción de **té**. A infusión de camelia prepárase a partir de brotes e follas novas secas de *Camellia sinensis*.

O **carbón** obtido da madeira da camelia é considerado altamente combustible, proporcionando unha calor moderada, de longa duración e sen faíscas. As cinzas da madeira desta planta utilizábanse como catalizador para tinguiduras moradas e azafrán. Debido a que a **madeira** da camelia non só é dura e sólida, senón tamén pesada, viscosa e brillante, era moi utilizada como materia prima na fabricación de ferramentas e outros utensilios como pratos, cuncas, peites, do mesmo xeito que para a elaboración de artesanías, como as bonecas kokeshi.



*Matusalén das camelias, aprox. 200 anos.
Pazo Quiñones de León (Vigo)*



Árbores senlleiras

Existen exemplares de camelia de máis de 200 anos que foron introducidos pola nobreza galega e que hoxe poden contemplarse nos xardíns dos pazos e casas señoriais de Galicia. Desde 2006, como resultado da colaboración con Turgalicia e a Sociedade Española da Camelia, xurdiu a iniciativa de considerar a camelia como o eixo central para o deseño dunha ruta polos xardíns de Galicia. A ruta está reforzada durante toda a época de floración da camelia con máis de 15 exposicións de flores que se organizan en distintas localidades do itinerario nas diferentes fins de semana (<http://www.turgalicia.es/camelias-xacobeas-a-alameda-de-santiago>). Cómpre citar algúns dos exemplares máis salientables de camelia que se atopan en pazos e casas señoriais de Galicia:

- **Camellia japonica "Matusalén" do Pazo-Museo de Castrelos (Vigo).** Plantada en 1860. Ten 7,50 m de altura, 3,75 m de perímetro e unha copa de case 16 m de diámetro.
- **Camellia japonica do Pazo de Sta. Cruz de Ribadulla (Vedra).** É unha das camelias máis antigas de Galicia, plantada a finais dos século XVIII.
- **Camellia reticulata do Pazo Torres de Agrelo (Redondela)** de 9 m de altura e arredor de 150 anos.
- **Camellia japonica do Castelo de Soutomaioir.** Foi plantada no último terzo do século XIX. Ten 9,5 m de altura e arredor de 16 m de diámetro na copa.
- **Camellia japonica do Pazo de Oca.** Ten flores de dúas cores, brancas e rosas. Foi plantada a finais do século XIX e ten unha copa de 6,5 m de altura e 8 m de diámetro.



- 1 Pazo de Mariñán
- 2 Alameda de Santiago de Compostela
- 3 Pazo de Sta. Cruz de Ribadulla
- 4 Pazo de Oca
- 5 Casa-Museo Rosalía de Castro
- 6 Pazo de Rubiáns
- 7 Pazo Quinteiro da cruz
- 8 Pazo de A Saleta
- 9 Castelo de Lourizán
- 10 Castelo de Soutomaioir
- 11 Parque de O Castro
- 12 Pazo-Museo Quiñones de León



O OFICIO DE APICULTOR

Autor: Anibal Cid Babarro

A simbiose máis importante para a biodiversidade do planeta é a que establecen abellas e plantas, grazas á polinización, que é o paso do pole desde o estame da flor (masculino) ata o estigma do pistilo (feminino) producíndose a fecundación. As flores perfectas (hermafroditas) autopolinízanse sen ningún axente externo. No resto de especies, unha flor necesita recibir o pole doutra para fecundarse, sendo os axentes máis importantes o vento e os insectos. No noso caso, as abellas recolledoras, ao trasladárense dunha flor a outra en busca de néctar, imprégnanse de grans de pole que depositan no pistilo doutras flores, e unha vez fecundados os óvulos da flor,



Cortizo

interrómpeuse o tránsito de máis pole e tamén a secreción do néctar, forzando as abellas a visitar outras flores. Esta relación é moi estreita, de tal forma que os anos de gran actividade apícola correspóndense co aumento da masa vexetal dos anos seguintes e a maior cantidade de froitos silvestres, o que leva a un mellor desenvolvemento da fauna. Ao mesmo tempo establécese outra simbiose paralela entre as abellas e o ser humano, a apicultura, sempre que a baixeza humana destes tempos irresponsables o permita, e se deixe de queimar milleiros de hectáreas, ano tras ano, do noso monte indefenso.


Un pouco de historia

O ser humano alimentábase xa con mel en épocas prehistóricas, pero limitábase a roubala de panais silvestres; así o mostran as pinturas rupestres da Cova da Araña en Bicorps (Valencia), cunha antigüidade de entre 7.000 e 9.000 anos. Existen datos históricos que sinalan a existencia de prácticas apícolas no período predinástico de Exipto, trasladando as súas colmeas en embarcacións ao longo do río Nilo; hai papiros que datan do ano 2.400 a. C. onde se observa esta práctica. Os exipcios sabían que nada se estragaba envolto en mel, polo que o utilizaban xunto cos própoles para embalsamar os seus mortos. As abellas e o mel foron tamén importantes na antiga Babilonia, Siria e Turquía, onde veneraron a deusa Artemisa, que era representada nas moedas co cuño dunha abella no ano 480 a. C.; despois converteuse na deusa Diana para os romanos, que herdaron as prácticas apícolas helénicas e fixeron delas un obxecto de culto. A Biblia fai referencia ao mel no Xénesis 43:11 e Ezequiel 27:17. No Corán hai unha Sura das abellas, nela “Deus di: saiban os homes que no ventre das abellas se produce un líquido que serve para curar”.

Ata o século XIX na apicultura era necesario destruír gran parte da colmea e as súas abellas para aproveitar os produtos, pois os favos estaban pegados á parede das colmeas (apicultura fixista). A verdadeira revolución na apicultura ten lugar en 1851, cando o norteamericano Langstroth diseña unha colmea con marcos móbiles separados por unha distancia de 9.5 mm, suficiente para que as abellas non constrúan pontes de cera ou própole entre eles e os favos sexan facilmente extraíbles e intercambiábles (apicultura mobilista). A partir do descubrimento da colmea Langstroth ideáronse outros sistemas igualmente mobilistas, como a colmea Dadant ou Layens, a máis usada en España. O alemán Mehring inventa en 1857 a primeira matriz para facer follas de cera. Isto permítelle aforrar traballo ás abellas na construción dos favos e ao apicultor obter máis mel. Hai que ter en conta que, para fabricar un quilo de cera, as abellas cereiras consomen ata oito quilos de mel. Tras estes avances aínda faltaba un sistema para rendibilizar a extracción do mel. En 1865 o alemán Franz Von Hruschka constrúe o primeiro extractor centrífugo do mel. Este sistema permite ao apicultor extraer produto dos favos sen danalos, deixándoos aptos para seren reutilizados. Para completar a base da apicultura moderna, hai que engadir a invención do afumador tal como o coñecemos hoxe, ideado polo estadounidense Moses Quinby en 1875.

Construcións típicas para a produción do mel


Ao cortizo chámasele tamén “**trobo**” ou “**covo**”, poden ser redondos ou cadrados, os primeiros fanse de dous anacos de cortiza de sobreira que se cravan entre si con tornos de madeira; tamén se poden facer dun tronco oco de castiñeiro. Ámbolos dous se cobren por riba cunha tapa de cortiza ou una táboa con cravos de ferro. As colmeas cadradas fanse con catro táboas e outra por riba. Unhas e outras levan no interior dúas cruces formadas por dous paus atravesados: a inferior é para que descansan nela os “**trobos da cera**” ou “**entenas**”; a superior chámase “**xuízo**” e serve para sostelos e para sinalar o sitio ata onde se pode sacar o mel. As colmeas póñense por riba dunha lousa, coi-



dando de deixar un oco para entrar e saír as abellas, que pode ser una fenda natural ou apoiando o bordo sobre unhas pedriñas. Por riba da colmea, amais da tapa, ponse una cuberta de laxa, de tella ou facendo un teitiño de colmo; os buratos e fendas que haxa cómpre tapalos, barrándoos con bosta amasada con auga.


A **alvariza** é un anaco de terreo polo xeral inclinado, agarimado dos ventos fríos e cercado por unha parede duns 3 m de altura, cunha porta para paso das persoas que se pecha cunha folla de madeira. As alvarizas son sempre redondas ou ovais, orientadas ao nacente e de grandor variable, xa que depende da cantidade de colmeas que deba conter. O muro que a rodea ten a mesma estrutura ca os que pechan as herdades, sendo de pedra ou lousa segundo ou terreo no que se asentan e adoitan levar polo cume un capeado de lousas.

A Alvariza



A colmea "**Layens**" é orixinal de Francia, ten capacidade para 12 cadros, que son máis altos ca anchos e os seus cabeceiros pechan totalmente a parte superior da colmea, resultando moi pesados para o manexo por parte do apicultor. Consta dun só corpo, sen alzas, no que está unida a cámara de cría e os cadros co mel e o pole. Pola súa estrutura e especial manexo foi moi utilizada na apicultura transhumante. O peche pola parte superior e a gran superficie de que dispón para recibir os raios solares fan que se inicie antes, na primavera, o "arranque da colmea", aínda que no inverno, ante a dificultade para incrementar a temperatura interior e de reducir a súa capacidade, provoca un maior consumo de mel. A imposibilidade de crecemento facilita a enxamía, que obriga a un adiamento da cata co perigo de que o mel non estea "maduro". Ao estar formada por un só volume, dificulta o tratamento das patoloxías e obriga a desmontar a colmea para a limpeza dos fondos. Na actualidade está sendo abandonada.

A colmea "**Langstroth**" é a máis estendida. É coñecida como "colmea perfección" ou "colmea de alzas" polo seu desenvolvemento vertical susceptible de crecer e decrecer en altura. A característica máis importante é a de ter separado, en caixas equivalentes, a cámara de cría e a chamada alza ou melario, coa vantaxe de poder cambiar cadros da parte inferior á parte superior e viceversa. A caixa inferior ou cámara de cría pode ser incrementada, en casos de gran poboación de abellas, con outra que cumpra a mesma función e a partir dela os corpos superiores serían os melarios. A súa estrutura, ten varias vantaxes: presenta unha plataforma de voo, que facilita a saída e entrada das abellas pola piqueira, e o mantemento das condicións de humidade e temperatura no interior da colmea. Ten unha fácil accesibilidade para o manexo e tratamentos sanitarios e a cata pode facerse noutro lugar distinto ao do colmea por ter separada a cría e o mel.



COLMENA DADANT

- | | |
|--------------------------|----------------------------|
| 1.- Tapa exterior | 8.- Cámara de cría |
| 2.- Cubre panéis | 9.- Base |
| 3.- Tapa interior | 10.- Fondo inclinado |
| 4.- Oco para alimentador | 11.- Taboa de Jo |
| 5.- 1/2 Alza | 12.- Colmena de Langstroth |
| 6.- Cuadro | cámaras de 240 mm |
| 7.- Arome | todas iguais |

pola parte traseira da colmea, na que se recollen os residuos que se xeran pola actividade biolóxica das abellas. A cámara de cría e o espazo ocupado pola bandexa están separados por unha chapa perforada con orificios de 4 mm creando dous habitáculos, un sucio e outro limpo. O tapacadros, igual que noutras colmeas, ten a posibilidade de crear unha pequena cámara, para que as abellas dispoñan dunha zona termoillada e sendo unha axuda no proceso da alimentación. Esta colmea favorece o incremento de produtividade, ao liberar as abellas, en gran parte, do proceso da limpeza e eliminación dos residuos que é necesario extraer. O apicultor fai este labor con certa periodicidade, e pode "ler" o que lle indican os restos que alí se atopan: inicio da actividade, estirado de cera, nivel de infestación..., todo sen necesidade de abrir a colmea. A transhumancia con esta colmea vese favorecida ao dispoñer dunha ventilación adicional se se viaxa coa trapela posterior aberta.

A colmea "**Dadant**" é unha variante da colmea Langstroth. Ten os mesmos compoñentes: piso ou fondo, cámara de cría, alza ou melario, tapacadros e tapa. A característica construtiva máis importante é ter a cámara de cría máis grande que as alzas ou melarios, que se denomina comunmente "media alza". O maior tamaño da cámara de cría proporciona ás abellas o suficiente espazo para que esta sexa única, o que facilita o mantemento das colonias cunha gran poboación. Ten as vantaxes da "colmea perfección" co engadido de dispoñer de medias alzas nas cales a obtención de meles monoflorais se ve incrementada polo menor tamaño do cadro que facilita o almacenamento de mel e o seu posterior operculado.

A "**Autocolmea**", deseñada por Salvachúa Gallego no ano 1990, consta dunha caixa monovolume equivalente a unha colmea Dadant, que se complementa con cadros de medida Langstroth. No espazo existente entre o listón inferior dos cadros e o fondo da colmea colócase unha bandexa extraíble

A cría das abellas



Abella raíña

A raíña é o personaxe central da colonia, a única femia perfecta e fecunda. Distinguese do resto pola súa lonxitude, que é de 16 milímetros, e polas ás, que son moi curtas en relación ao corpo. Posúe aguillón, pero só o utiliza para loitar contra outras raíñas; ao nacer destrúe o resto de larvas reais e convértese en máxima autoridade da colonia. A fecundación prodúcese fóra da colmea, no voo nupcial, cando sae tras ela un grupo de abzáncaros, sendo fecundada polo máis forte e veloz. Despois do apareamento regresa á colmea, posiblemente para non volver saír e iniciar a súa misión de poñer un ovo ao minuto, ao redor de 3.000 diarios, e manter unidos o resto de membros da colmea segregando a feromona que se expande por toda a colmea, freando a construción de celas reais e impedindo o desenvolvemento dos ovarios das abellas obreiras. A raíña vive uns cinco anos, continuamente rodeada pola súa corte de abellas e alimentada sempre con xelea real. Todas as colonias deben ter unha raíña nova de menos de tres anos, co abdome fino e curto, móvese con gran axilidade, debe ser mansa, resistente a enfermidades, con débil instinto de enxamía. Ao envellecer, as súas ás desgástanse e o seu corpo perde o pelo, decae na súa posta ou non segrega suficiente feromona. As abellas constrúen celas reais e depositan nelas xelea real para obter unha nova nai. A calidade da raíña reflíctese na cantidade de cría, que na primavera terá cinco ou seis favos cubertos de todas as idades e a súa disposición será compacta; se non é así, a raíña é vella ou está enferma e hai que substituíla.



Zángano




Obreira

As abellas obreiras desenvólvense en celas normais e forman a poboación máis numerosa: 70.000 na primavera e unhas 20.000 no inverno. Cumpren moitas funcións dependendo da súa idade. Nada máis nacer traballan de limpadoras, retirando os residuos. Ao cuarto día convértese en ama de cría e alimentan as larvas e dan calor ao niño de cría. A partir do décimo día atenden a raíña como damas de honra. Posteriormente actúan como ventiladoras, segagan cera, fabrican mel, retiran os corpos estraños e velan pola seguridade da colmea. Dende os vinte días de ata a súa morte, saen ao campo en busca de néctar, pole, própole e auga. Adoitan moverse nun radio de acción de 3 quilómetros, sendo a súa velocidade media de 30-40 km/hora. Levan a cabo uns 40 voos diarios e visitan unhas 400

flores da mesma especie. Ao regresaren recoñecen a súa colmea pola cor, a súa forma e a súa posición. Entre elas distínguense polo cheiro, pois cada colonia ten o seu característico. Se unha abella recolleadora descobre unha fonte de alimento, ao regresar á colmea indícalles ás súas compañeiras onde está situada e a que distancia se atopa; para iso “baila”, describindo unha serie de círculos. A vida das abellas é moi curta: as que nacen na primavera morren aos 40 ou 50 días; pola contra, as que nacen no outono viven uns cinco meses, ata que enlazan coas súas novas compañeiras, na primavera seguinte. O seu principal alimento é o mel.

Os abázcaros nacen dun ovo non fecundado. En cada colmea adoita haber de 500 a 1.500 que cumpren unha dobre función: fecundar a raíña e proporcionar calor ao niño de cría. A súa vida é efémera, de dous a tres meses, dependendo de que haxa néctar suficiente ou raíñas virxes. Se non é así, son expulsados da colmea e vilmente exterminados. Este fenómeno é coñecido co nome de “matanza de abázcaros”, eles non poden facer nada para defenderse, salvo fuxiren, porque carecen de aguillón.


A enxamía é a saída da colmea dunha parte das abellas obreiras, entre 10.000 e 20.000, acompañadas dunha raíña e duns poucos abázcaros. Este fenómeno, que, dependendo dos anos, pode ser intenso ou non, débese ao instinto de reprodución da especie, e adoita coincidir co período de máximo desenvolvemento da colmea. Moitos colmeiros capturan todos os enxames posibles, porque para eles é a única forma de repoñer as abundantes baixas invernaís. Xa o di o refrán: “Dunha colmea, cento; e de cento, una”, o que indica a facilidade coa que pode aumentar o colmear e a rapidez coa que desaparece. Por iso, no verán, hai que dar unha volta polo colmear para ver cantos enxames teñen “pousados”. Os días previos a enxamear, as abellas móstranse inquietas, diminúe a súa actividade de campo, apíñanse á entrada da colmea e abarrótanse de mel para teren provisións suficientes ata que atopen outro aloxamento. A saída do enxame, normalmente ao mediodía, prodúcese cando se ven moitas abellas voando ao redor da colmea, coa cabeza inclinada cara á piqueira, afastándose e volvendo de inmediato, ata que se produce un zunido especial pola saída masiva de abellas. Logo fórmase no aire como unha nube que parece inmóbil ata que sae a raíña e toma a decisión de “pousar” ou emprender o voo. Cando o enxame non pousa na contorna do colmear, a nube de abellas trasládase a baixa altura, entre os 20-25 km/hora, sendo perseguido polo colmeiro mentres di en voz alta: “Pousa mestra pousa, que che hei de dar bola e outra cousa, pousa mestra pousa”, á vez que fai ruído con botes, pedras, etc. Este costume procede da época romana, cando o dono do enxame, para acreditar a súa propiedade, tiña que seguilo polo campo cheo de labregos, para deixar constancia da pertenza das abellas. Botar auga a modo de choiva, guindar presas de terra ao aire ou cegar as abellas con espellos simula unha treboada imprevista que pode levar as



Afumador

abellas, asustadas e confusas, a aterrar. Non debe demorarse a recollida, pode ser unha breve pausa que pode durar varias horas ou ata dous días para que emprenda de novo o voo. O enxame, unha vez asentado, débese recoller con calma e sen movementos bruscos, variando o modo de proceder dependendo da situación en que se atope: se o acio de abellas está no chan, entre as herbas, o mellor é achegar o cortizo e, cun pouco de fume, conseguiremos que as abellas entren por si mesmas. Se o enxame está colgado nunha póla alta, pódese empregar un saco aberto, atado no extremo dun pau, colócase debaixo do enxame e cun golpe seco sobre a póla faise caer dentro as abellas. Se ninguén recolle o enxame, vólvese errante ata que el mesmo se mete no oco dun carballo, no teito dunha casa, etc.

A recollida do mel recibe o nome de "catar", porque sen dúbida se proba a miúdo este manxar. Lévese a cabo nun día que non ameace treboada, durante o inverno, pouco antes do Nadal, cando as colmeas xa non teñen cría e están aletargadas polo frío. Para iso, quítase a tapa da colmea e afúmase, xa que para as abellas é perigo inminente, retíranse deseguido, deixando libres os favos que desexamos extraer. A continuación procédese a cortar os favos coa "catadeira", composta dun coitelo de corte volto na punta co que se cortan os favos, e unha espátula coa que se desprenden das paredes ás que están fixados. Ambas as ferramentas posúen un longo mango para podermos acceder con maior facilidade ao interior da colmea. Só se extraen os favos que hai detrás da cruz denominada "xuízo", deixando o resto para que as abellas se alimenten durante o inverno. Xa di o refrán: "A abella que mel che dá, tamén ten que xantar; ao meter a catadeira, pensa no que has de deixar".




Proceso para obter o mel

Despois da cata os favos trasládanse ao local de extracción para á elaboración do mel de forma manual, facendo unha selección dos mesmos, recortando aquelas zonas que non conteñen mel, por estar baleiras, por conter ovos ou por conter pole. A continuación procédese a introducir os favos cheos de mel en sacos de esparto, o cales se retorcen provocando a rotura dos opérculos e permitindo que saia o mel. Despois este saco cólgase do teito situado sobre un recipiente durante un tempo, facendo de filtro para o mel, que flúe por gravidade. Ao día seguinte, prénsase o contido para que saia o máximo de mel a través da tea e a cera quede no interior do saco, usando prensas similares ás utilizadas nos lagares ou "poldros" fabricados polos mesmos colmeiros, que se facían baleirando un tronco de árbore para introducir nel os favos e prensalos cunha panca ata que saía o mel por uns orificios situados na parte baixa, caendo nun barreño.

Co tempo, ao aumentar o número de colmeas, este método foi substituído por prensas de aceiro, máis rápidas, máis hixiénicas e fáciles de limpar. Estas prensas consisten nun bidón cheo de buratos e un ferro cun manillar co que o colmeeiro esmaga os

favos forzando a que o mel se vaia filtrando polos ocos e vaia caendo a un prato situado na súa base, o cal redirixe o mel por medio dun bico a un recipiente. Unha vez que se realizou o primeiro prensado, a prensa afróuxase para que o colmeeiro poida remexer a masa co mel e volve despois a prensala por segunda vez. Para que a cera quede totalmente liberada de mel, lávase con auga quente, obtendo desa forma "Hidromel", que se utiliza para facer doces caseiros e para alimentar as abellas. Durante moitos anos este tipo de mel foi o único alimento que recibían os nenos para merendar. Ademais, como non existía o azucre ou era moi caro, o mel servía para adoazar o resto de alimentos, para confeccionar doces ou para curar os arrefriados e catarros. Só en anos de abundancia, os colmeeiros percorrían as aldeas veciñas, despra-


PRENSA DO MEL



zándose en burro e levando nas súas alforxas unhas vasillas cheas de mel. Cunha culler grande distribuíanlo calculando o peso entregado polo número de culleradas entregadas. A cera, xa libre de mel, convértese en bólos, que serven para elaborar veas que antigamente se poñían nas sepulturas e na igrexa.

Hoxe en día, remóvense os selos ou opérculos das celas cun coitelo quente ou desoperculador mecánico e colócanse os favos nun extractor tanxencial de forma perpendicular, o cal mediante a forza centrífuga remove o mel de cada cela do panal, que recibe o nome de "mel coado", facendo referencia ao mel orixinal que aparece mesturado coas partículas de cera, pole, própole, restos de abellas, etc.





Produtos da colmea

A xelea real é o “leite de abellas”, froito da secreción das glándulas mandibulares das abellas novas, con menos de seis días de vida. Forma parte da dieta das larvas de obreiras e abázcacos e constitúe o único alimento das raíñas, que quizais sexa a causa de que esta viva 5 anos e non 4 meses como as obreiras.

O pole é un po que serve para que se fecunde a flor. As abellas recólleno das plantas e flores e transportano nunhas bolsas das patas posteriores, un paso clave na polinización das plantas. Ao que chegan á colmea, mestúranlo con mel e forman unha papa coa que alimentan as larvas.

Os própulos son mesturas resinosas que obteñen as abellas das xemas das árbores e que logo procesan na colmea como selador de pequenos ocos de ata 6 mm; para os maiores usan cera. A cor depende da fonte da que fose obtido, sendo o máis común marrón escuro. A temperatura ambiente (20 °C) é pegañento, e a temperaturas menores solidifica. Esta substancia é máis frecuente á entrada da colmea xa que serve para defendela de calquera inimigo como o frío, o vento, etc. As abellas tamén utilizan os própulos para manter a asepsia no interior da colonia e momificar os cadáveres de animais que polo seu tamaño non os poden sacar fóra da colmea.

A cera segrégana as abellas entre os 12 e os 24 días a través das glándulas ceríferas, situadas no abdome; é de cor branca transparente, que vai tornando amarela co contacto das abellas, mel, pole e própole. Whitcomb demostrou en 1946 que para producir un quilo de cera as abellas consomen ata oito quilos de mel. É un produto apreciado polo seu aroma, lento consumo a arder e por razón de tradición.

O mel é un produto natural reconstituínte, alimento enerxético e un remedio para moitas enfermidades. A espectacular acción positiva que exerce sobre o organismo débese aos seus compoñentes, como os azucres, (glicosa e frutosa), proteínas, aminoácidos



dos, vitaminas, enzimas, pole e minerais; prodúcenno as abellas transformando o néctar das flores e rebaixando a súa humidade do 80% ao 20%. O mel é unha fonte de aforro para un corazón, aumenta a cantidade de glicóxeno dispoñible no fígado e exerce unha acción hepato-protectora. Unha das vantaxes é que ao ser un alimento predixido, tarda 20 minutos en pasar ao sangue desde que é inxerido.

O veneno das abellas ten importantes propiedades. Hipócrates, médico grego (460 – 370 a. C.), trataba co veneno o seu reumatismo. Carlomagno Emperador (742-814) tamén o usou para aliviar as súas fortes dores de gota. Hoxe a apiterapia segue a utilizalo nos tratamentos.

O hidromel é o líquido doce obtido da escorrentía do prensado dos favos, despois do lavado dos mesmos con auga quente. Foi moi utilizado na preparación de doces e viños melados.

Situación actual do oficio en Galicia

O Val de Quiroga é unha das mellores zonas produtoras de mel de Galicia, onde os nosos devanceiros construíron centos de colmeares que colgan das ladeiras das serras do Courel. Coa primavera, cando as matogueiras de breixos, toxos, xestas e carqueixas tinguen de vermello e amarelo as ladeiras das serras, os colmeeiros andan polas alvarizas recuperando enxames. Nas montañas do Courel hai ata doce especies de breixo onde as abellas teñen flores case todo o ano: a uz negral florece a finais de febreiro, o breixo toda a primavera, despois veñen a carqueixa, o castiñeiro e a silva ata finais de xuño, a setembrina, e por último, o albedro no duro inverno.

Enfermidades da colmea

Á saída do inverno desaparecen enxames debido aos insecticidas, durante a primavera hai que vixiar a aparición de doenzas, loque americana, varroa e nosegnose. De ser preciso haberá que facer un tratamento. Hai apicultores que eliminan o enxame en caso de aparecer a loque, outros trasládano a unha colmea limpa e agardan; se se volve a reproducir a doenza, o mellor é eliminar a colonia. Durante marzo, abril e maio é apropiado colocar trampas para capturar raíñas fundadoras de vespa velutina nigrotorax, xa que raíña que capturemos niño que evitaremos, desta maneira poderemos manter un nivel de vespas asiáticas soportables polas nosas abellas. Por outra banda, procurar que as colmeas estean limpas e ben ventiladas, substituír os favos ennegrecidos (loque) por ser fonte de infeccións, vixiar a aplicación de insecticidas nas proximidades do colmea e retirar das colonias que morresen por enfermidade os restos e queimalos.

Refráns, ditos, adiviñas e lendas

Refráns

- ↻ Ano de enxames, ano de fames.
- ↻ Dunha colmea, cento; e de cento, unha.
- ↻ Abellas revoltas, tempestades ás voltas.
- ↻ Unha mestra para moitas abellas, un pastor para moitas ovellas.
- ↻ Aceite no alto, viño no medio, mel no fondo.
- ↻ Cando chove polo agosto, chove mel e mosto.
- ↻ Se queres ter abellas, miras polas Candeas; e se queres ter mel, miras polo San Miguel.

Ditos

- ↻ As abellas traen flores; os malos fillos, dores.
- ↻ Andar como abella de flor en flor.
- ↻ Abella e ovella, á sombra da tella.
- ↻ Antes de sacar a túa capa, moi ben a colmea tapa.
- ↻ Se a abella ves beber, moi pronto verá chover.

Adiviñas (Abella)

- ↻ A miña picadura é daniña e o meu corpo insignificante, máis o néctar que dou comédolo ao instante.
- ↻ De flor en flor pasa a curta vida, e entrega con dozura o seu amor, o que a fai no mundo tan querida.
- ↻ Teño moitas veciñas e sen descanso loito, fágoche zugar os dedos, e os meus bicos dóenche moito.

Lendas

O ROUBO DO CORTIZO

Nunha ocasión, xuntáronse o oso, o lobo e a raposa para iren roubar a un cortizo de abellas. Así que o levaron, miraron o mel que tiña e viron que non chegaba para os tres. Entón, acordaron que o debía comer o máis vello de todos, e foron daquela dicindo o tempo que tiñan. Dixo o lobo: “Eu nacín cando aquel penedo”. “Eu xa era moza entón”, dixo a raposa. O oso comprendeu que el non podía dicir que era máis vello ca os penedos e entón dixo: “Eu nacín no ano do ourizo, polo tanto, quieto o cortizo!”. E colleuno entre os brazos e marchou con el á sombra dun rebolo e alí papou o mel do cortizo e a nós non nolo deu porque non quixo.

A LÚA DE MEL

En tempos dos romanos, a nai da noiva deixaba na alcoba da parella que acababa de casar unha vasilla con mel, todas as noites unha lúa. Este mel tiña diferentes usos: utilizábase como “reconstituínte” físico da parella –o que se cría que favorecía a fertilidade–, e como ungüento para resaltar a beleza da noiva.

RESCATANDO UN ANACO DA NOSA CULTURA



NOVO CERTAME CONVOCATORIA ANO 2016

TEMA: "A salgadura e secado do peixe"

SYNGENTA, continuando coa tradición deste "**Almanaque**" de rescatar anacos da cultura Noroeste, establece para este ano un novo certame dotado cun PREMIO DE 750 € ao mellor traballo sobre "**A salgadura e secado do peixe**". O traballo gañador publicárase na próxima edición do "**Almanaque agrícola ZZ**".

BASES DO CERTAME

- 1) Poderán participar todas as persoas que o desexen, agás os distribuidores e da compañía e os seus familiares directos.
- 2) Os concursantes deberán enviar os seus traballos a **Syngenta España S.A.U.**, referencia "**CONCURSO**" a **A Relva s/n 36400 O Porriño (Pontevedra)** antes do 30 de setembro de 2016. Os traballos achegados non serán devoltos e a compañía poderá empregarlos para outras publicacións da mesma.
- 3) Os traballos han de estar redactados no **idioma galego normativo**, cunha extensión máxima de seis follas con letra e espazo normal, sendo tamén necesario remitilos á empresa nalgún soporte informático (CD, memoria portátil,...). Admitíranse traballos informáticos, que serán enviados á ligazón contacto.marketing@syngenta.com, e deberán versar sobre os seguintes aspectos.
 - Sistemas de secado do peixe, con descrición das actividades ao longo do proceso.
 - Construcións típicas para o secado e salazón do peixe.
 - Situación actual deste oficio en Galicia.
 - Refrás, ditos, cantigas, lendas ou pequenos contos relativos a este oficio.

Nota: no apartado gráfico valoráranse só gráficos ou debuxos inéditos, non admitíndose fotografías baixadas de internet.
- 4) O xurado que outorgará o premio ao mellor traballo estará composto por persoal de SYNGENTA coñecedor da cultura galega, e o seu veredicto darase a coñecer a partir do 1º de novembro de 2016.

Novo Karate Zeon Plus

fixate ben, porque agora é 1.5 CS

PLUS

sensiblemente
mellor

Máis seguro,
máis práctico
e máis rendible.



 **Karate Zeon⁺**
1.5 CS

syngenta.

Un pequeno detalle. Unha gran diferenza.





As novas Castes de Vide

A variedade "Dona Branca"

1. Sinonimias

Moza Fresca, Valenciana, Malvasia do Bierzo, Siria (PT), Roupeiro (Alentejo)

2. Antecedentes

García de los Salmones (1914) cita en Lugo, Allariz, Celanova e Viana

do Bolo. No Catastro Vitícola de 1983 cítase como cultivada na provincia de Lugo, onde ocupaba o 0,24% da superficie de viñado, e en Ourense o 2,2%. Hai certos autores que cren que é a variedade *merseguera* aclimatada á zona de Valdeorras.


3. Situación actual

Está considerada variedade preferente nas DD.OO. Ribeira Sacra, Valdeorras e Monterrei. A superficie de cultivo representa o 1,83% da superficie total de viñedo da comunidade. Corresponden 0,19 ha á provincia da Coruña, 0,22 ha a Lugo, 437,8 ha a Ourense e 0,16 ha á zona do Condado do Tea na provincia de Pontevedra.



4. Valoracións sobre o seu cultivo

Variedade moi produtiva, de brotamento medio ou tardío e maduración precoz, moi sensible á botrite e aos ácaros e moderadamente sensible ao mildio e ao oídio. Produce viños con graduación media de 11% e acidez de 5 g/l. Produce viños de aromaticidade media, bo padal e retrogusto prolongado. Ao igual que a Godello son variedades de maduración determinada, minguando as súas características de padal e equilibrio cunha sobremaduración da variedade.



5. Descrición morfolóxica

Pámpano novo

O pámpano novo presenta a extremidade aberta con peluxe tombada de densidade baixa e pigmentación reberetada de intensidade forte. A cara dorsal e ventral dos entrenós e nós é verde. As xemas non presentan pigmentación antociánica.

Folla nova

A folla nova é verde con peluxe tombada de densidade alta.



Folla adulta

A folla adulta, de cor verde media, presenta tamaño medio e forma pentagonal, con cinco lóbulos; peluda, con densidade media de pelos tombados e ergueitos entre os nervios principais do envés do limbo; perfil albeado; limbo con avultamento e inchazón débil; dentes con mestura de lados convexos e rectilíneos, de lonxitude media en relación á súa anchura; seo peciolar con lóbulos pouco abertos e coa base en forma de U; seos laterais superiores con lóbulos lixeiramente superpostos coa base en forma de chave; peciolo lixeiramente máis curto que o nervio principal.

Acio

O acio é cónico, longo, ancho, de compactidade media e con presenza dunha ou dúas ás. O pedúnculo é de lonxitude curta.

Bago

O bago, de cor verde amarela, presenta forma elíptica curta.



¡boa UVA, bo VIÑO!

Que, ao final, o que
de verdade importa
é a calidade

 **Switch**[®]

syngenta

Máis protección
Máis eficacia








O TEMPO

No decorrer dos días aparecerán nubeiros que albardarán o ceo; malia todo, deixarán fírgoas polas que se coarán refachos de sol. O vento poderá aparecer polo serán acompañado de chuvias e sarabia. Nos cumios dos montes espreatarán as neves, non faltarán as xeadas, que porán as orellas azuridas.

"En xaneiro polo día ao sol e polo serán ao braseiro"
"Cando as ras cantan en xaneiro, sinal de fame no ruciro"

DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Dias de choiva	 Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2015)	13,02	4,98	8,93	16	137,03
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2015)	11,34	4,60	7,75	19	270,13
Lugo	Campus Lugo (2000-2015)	10,64	5,75	6,21	14	112,07
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2015)	13,3	7,2	10,2	16	114,1
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2015)	9,8	3,8	6,7	13	105,6
	Ourense-Ciencias (2005-2015)	12,2	4,3	7,7	13	99,4
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2015)	11,1	1,9	6,2	16	147,3
	Corón-V. de Arousa (2002-2015)	13,5	7,7	10,6	14	178,2

1 V. **Nai de Deus.** S. María.
1953. Publícase o primeiro número do Almanaque agrícola ZZ. Sempre en idioma gallego normativo, é un manual agrario de carácter técnico, etnográfico, e con diversos contidos vencellados a sabiduría popular. 100.000 exemplares de tirada anual.

2 S. Ss. Basilio; Gregorio.



Cuarto Minguante

3 D. S. Xenoveva.

4L. Ss. Iolando; Rigoberto.
1882. Sae á rúa o primeiro número de La Voz de Galicia.
1922. Pepe Da Pena (José Cerviño García), morre en Cotobade, un dos mellores santeiros (construtores de cruceiros).
1977. Lei sobre a reforma do Rexistro Civil para traducir os nomes propios ó galego.

5 M. S. Emilia.
1976. Créase o Consello de Forzas Políticas.

6 M. **A Epifanía. Os Santos Reis, Melchor, Gaspar e Baltasar.**
Ss. Wilma; Melanio.

7 X. S. Raimundo.
1950. Morre Castelao en Bos Aires.

8 V. Ss. Luciano; Eladio.
1979. Fúndase en Barcelona Edicións Sotelo Blanco.

9 S. S. Lucrecia.

10 D. **Bautismo do Señor.**
S. Gonzalo.



Lúa Nova

11 L. S. Alexandre.
1533. A Xunta de Goberno do Novo Reino de Galicia acorda aumentar dúas provincias: A Coruña e Tui.
1859. Nace en Carballo Alfredo Brañas.

12 M. S. Xulián.
1912. Nace en Celanova o escritor Celso Emilio Ferreiro.

13 M. S. Hilario.

14 X. S. Félix.

15 V. Ss. Raquel; Amaro.

16 S. S. Marcelo.



Cuarto Crecente

17 D. Ss. Antón Abade; Guido.

18 L. Ss. Prisca - Priscila.

19 M. S. Mario.

20 M. Ss. Sebastián; Fabián.
1765. Inaugúrase na Coruña a Academia de Agricultura.

21 X. S. Inés.

22 V. Ss. Laura Vicuña; Vicente.

23 S. S. Virxinia.

24 D. S. Francisco de Sales.



Lúa Chea

25 L. S. Elvira.

26 M. Ss. Timoteo; Tito; Guimara; Ansurio; Viliúlfo.

27 M. Ss. Ánxela Merici.

28 X. S. Tomé de Aquino.
1731. Primeira sesión da "Academia Literaria Compostelana", presidida por Pablo Mendoza de los Ríos.
1902. Nace o pintor Urbano Lugrís.

29 V. S. Valerio.
1899. Nace en Rianxo o escritor Rafael Dieste.
1930. Morre o poeta Manoel Antonio.

30 S. S. Martiña.
1886. Nace en Rianxo Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

31 D. **Domingo de Septuaxésima**
Ss. Xoán Bosco; Marcela.
1809. Ocupación de Vigo polas tropas francesas.
1820. Nace en Ferrol Concepción Arenal.








O TEMPO

Os ceos continuarán como nos primeiros días do ano, atolados de nubes en sobexo, dominará o vento ávrego polo día e polas noites. As chuvieiras revezarán con xeiras enxotas, aínda que febles, polo oeste e noroeste. As xeadas serán intensas. Cara ao final de mes haberá carazo polos camiños. Na cima dos lugares alpeiros seguirá axecendo a neve.

"Cando non chove en febreiro, nin bo prado nin bo celeiro"
"En febreiro un pouco ao sol e outro ao fumeiro"

DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Dias de choiva	 Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2015)	13,74	3,72	8,52	11	96,53
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2015)	12,87	3,86	7,43	12	175,65
Lugo	Campus Lugo (2000-2015)	11,91	4,84	6,27	12	87,98
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2015)	13,2	6,2	9,7	12	93,6
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2015)	11,5	3,6	7,1	10	73,8
	Ourense-Ciencias (2005-2015)	14,6	3,6	8,4	10	75,0
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2015)	12,1	0,8	6,0	10	111,5
	Corón-V. de Arousa (2002-2015)	14,0	7,1	10,4	12	106,2

- 1 L.** S. Severiano.

Cuarto Minguante
- 2 M.** S. Candeloria. Presentación do Señor.
- 3 M.** Ss. Brais; Óscar; *Francisco Blanco*.
1807. Nace en Ferrol o pintor Pérez Villaamil.
- 4 X.** S. Xilberte.
1135. *Fundación do mosteiro de Aciveiro (Forcarei).*
1864. Nace en Betanzos Salvador Cabeza De León.
1893. Morre en Vigo Concepción Arenal.
- 5 V.** S. Ádega.
- 6 S.** Ss. Doris; Paulo Miki.
- 7 D.** S. Gastón.
1876. *Primeiro número da publicación O Tío Marcos da Portela, totalmente en galego, dirixido por Valentín Lamas Carbajal.*
- 8 L.** Ss. Xerome Emiliano; Xacoba.

Lúa Nova
1835. Nace en Ponteceso o escritor Eduardo Pondal.
- 9 M.** **Martes de Entroido.**
S. Rebeca.
- 10 M.** **Mércores de Cinza.**
S. Escolástica.
1810. *Motín obreiro en Ferrol capitaneado por Antonia Alarcón.*
1890. *Naufraxio do buque inglés The Serpent ó carón do Cabo Vilán.*
- 11 X.** Nosa Señora de Lurdes.
1885. Nace na Coruña o escritor Wenceslao Fernández Flórez.
- 12 V.** S. Pamela.
- 13 S.** S. Beatriz.
- 14 D.** Ss. Cirilo; Valentín.

- 15 L.** Ss. Fausto; Xurxa.

Cuarto Crecente
1765. *Sae á rúa o xornal La Región.*
1944. *Constitución do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento.*
- 16 M.** S. Samuel.
- 17 M.** S. Aleixo.
- 18 X.** S. Bernarda.
- 19 V.** S. Álvaro.
1949. *Fundación de Cerámicas do Castro.*
- 20 S.** S. Clodio.
- 21 D.** S. Severino.
1900. *Morre en Compostela Alfredo Brañas, político e economista.*
- 22 L.** Ss. Eleonora, Nora.

Lúa Chea
- 23 M.** S. Florencio.
1908. *Nace en Botos (Lalín) o pintor José Otero Abeledo "Laxeiro".*
- 24 M.** Ss. Rubén; Serxio.
1837. *Nace en Santiago Rosalía De Castro.*
1985. *Comez a emitir a Radio Galega.*
- 25 X.** Ss. Néstor; Sebastián de Aparicio.
1861. *Nace en Pontevedra o pianista Carlos Sobrino.*
- 26 V.** S. Augusto.
- 27 S.** S. Leandro.
- 28 D.** S. Román.
1981. *Morre en Vigo o escritor Álvaro Cunqueiro.*
- 29 L.** Rufino mr.

Marzo








O TEMPO


Este é un mes de sempre vertolán que responderá á súa sona, polo que se amosará moi solleiro polo día e pola noite xeará abondo. O vento nordés traerá chuvias rachadas.

"Marzo venteiro e abril chavisqueiro enchen en maio de flores os eidos"

"Entre marzo e abril sae o cuco do cubil"

DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Dias de choiva	 Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2015)	16,18	5,44	10,57	12	119,26
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2015)	15,84	5,55	9,32	13	196,93
Lugo	Campus Lugo (2000-2015)	15,07	6,41	9,00	13	88,80
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2015)	14,9	7,7	11,2	13	85,1
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2015)	14,8	5,1	9,3	8	52,3
	Ourense-Ciencias (2005-2015)	18,1	5,7	11,4	8	59,3
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2015)	15,1	2,3	8,4	10	102,9
	Corón-V. de Arousa (2002-2015)	15,7	8,8	12,3	11	114,8

1 M. S. Rosendo.
 **1493.** *Arribada da caravela La Pinta ó porto de Baiona, pilotada polo pontevedrés Sarmiento.*
Cuarto Minguante

2 M. S. Lucio.
1886. *Nace na Coruña o compositor Eduardo Rodríguez Losada.*

3 X. S. Celidonio.


4 V. Ss. Ariel; Capitón.
1889. *Nace en Cambados o escultor Francisco Asorey.*
1936. *Morre o galeguista Antón Vilar Ponte.*

5 S. S. Olivia.
1888. *Nace en Ourense Ramón Otero Pedrayo.*

6 D. S. Elcira.
1856. *Banquete intelectual de Conxo, con Pondal e Aurelio Aguirre.*

7 L. Ss. Perpetua; Felicidade.
1908. *Morre en Cuba o escritor Curros Enriquez.*
1909. *Nace en Santiago Xosé Mª Castroviejo.*

8 M. S. Xoán de Deus.
1917. *Morre na Coruña Eduardo Pondal.*

9 M. S. Francisca Romana.
 **1695.** *Nace no Bierzo Frei Martín Sarmiento.*
Lúa Nova

10 X. S. Macario.
1944. *Editase en Bos Aires Sempre en Galiza de Castelao.*
1965. *Morre en Belesar o derradeiro guerrilleiro da Resistencia Galega Xosé Castro Veiga "O Piloto".*

11 V. S. Eulolio.

12 S. S. Norma.

13 D. S. Rodrigo.

14 L. S. Matilde.

15 M. S. Luísa de Marillac.

 **Cuarto Crecente**

16 M. S. Heriberto.

17 X. S. Patricio.
1960. *Morre en Madrid o pintor Álvarez De Sotomayor.*

18 V. S. Cirilo.
1897. *Nace en Pontecesures o pintor Carlos Maside.*

19 S. S. Xosé.
1847. *Fúndase o "Círculo de Artesanos" a prol do desenvolvemento cultural de Galicia.*

20 D. Domingo de Ramos.
S. Alexandra.
1886. *Nace en Mugardos o pintor Felipe Bello.*

21 L. S. Uxía.
1874. *Nace na Coruña o músico Andrés Gaos.*

22 M. S. Lea.
1992. *Morte do poeta Antón Aviles De Taramancos.*

23 M. S. Dimas.


 Lúa Chea

24 X Xoves Santo.
Ss. Elba; Catarina de Suecia.

25 V. Venres Santo.
S. Anunciación.
1990. *Morre en Santiago Ricardo Carvalho Calero.*

26 S. Sábado de Gloria.
S. Braulio.
1930. *Pacto de Lestrove.*


27 D. Domingo de Pascoa.
S. Ruperto.

 Cambio horario (Adiantarase o reloxo 1h)

28 L. S. Octavio.
1809. *Os exércitos de Morillo e Cachamuiña liberan Vigo dos Franceses.*
1966. *Morre en Lalín o astrónomo Ramón Mª Aller.*

29 M. S. Gladys.

30 M. S. Artemio.

31 X. Ss. Benxamín; Balbina.
 **1901.** *Nace en Ponteareas o escritor Fermín Bouza Brey.*
Cuarto Minguante








O TEMPO

Durante o mes haberá chuvias, porque para ser abril ten que caer auga -porén non como antano, é dicir que non enchouparán a terra-, que revezarán con ventoladas. Teremos xeiras de sol e presentarse algunha que outra treboada con saraiba. O vento será de moita friaxe, de xeito que nos lembrará a invernia máis crúa.

"O que en abril come sardiñas aínda en agosto lle pica a espiña"
"O inverno non pason ata que abril non rematou"

DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Dias de choiva	 Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2015)	17,45	6,56	11,94	12	98,85
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2015)	15,85	6,62	10,85	13	156,37
Lugo	Campus Lugo (2000-2015)	16,91	7,86	10,65	12	77,67
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2015)	15,7	8,8	12,2	11	77,2
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2015)	17,1	6,6	11,2	12	64,9
	Ourense-Ciencias (2005-2015)	20,5	8,1	13,8	11	68,8
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2015)	27,4	3,8	10,0	13	92,0
	Corón-V. de Arousa (2002-2015)	17,5	10,6	13,9	12	106,3

1 V. S. Hugo.
1188. Inauguración do "Pórtico da Gloria" da Catedral de Santiago.
1844. Comeza en Lugo a "Revolución Progresista Galega".
1917. Sae á rúa o xornal El Ideal Gallego.


2 S. Ss. Xandra; Francisco de Paula.

3 D. **Domingo de Quasimodo - As Pascuiñas.**
S. Ricardo.
1841. Nace en Santiago o escultor Isidoro Brocos.

4 L. S. Isidoro.
1284. Morte de Afonso X o Sabio, creador das Cantigas de Santa María.

5 M. S. Vicente Ferrer.
1889. Nace en Lugo o pintor Jesús Rodríguez Corredoira.
1896. Nace en Ourense o galeguista Ben-Cho-Shey.
1897. Morre na Coruña Francisco de la Iglesia, autor da letra da famosa Alborada de Pascual Veiga.
1902. Nace en Pontevedra o pintor Arturo Souto.
1979. Morre na Coruña Luís Seoane.
1926. Xoaquín Loriga inicia o voo Madrid-Manila.

6 M. S. Edith.

7 X. S. Xoán Bautista da Salle.
 *1963. Créase a Fundación Penzol en Vigo.*

8 V. S. Constanza.

9 S. S. Demetrio.
1842. Nace o compositor Pascual Veiga en Mondoñedo, autor do Himno Galego.

10 D. S. Ezequiel.
1874. Nace na Coruña o pintor Francisco Lloréns.
1976. Morre en Ourense Ramón Otero Pedrayo.

11 L. S. Estanislao.

12 M. Ss. Arnaldo; Xulio.
1888. O químico Antonio Casares e Rodrigo falece en Compostela.

13M. Ss. Martiño; Aída.
1840. Nace en Lugo Juan Montes Capón, un dos mellores músicos galegos de todos os tempos.

14 X. S. Máximo.


Cuarto
Crecente

15 V. S. Crescente.

16 S. S. Flavio.

17 D. Ss. Leopoldo; Aniceto.

18 L. S. Vladimír.
1978. Constitúese a Xunta de Galicia.

19 M. S. Enma.

20 M. S. Edgardo.

21 X. S. Anselmo.

22 V. Ss. Karina; Señoriña.


Lúa Chea

23 S. S. Xurxo.

24 D. S. Fidel.


25 L. S. Marcos.
1734. Nace na Coruña José Andrés Cornide Saavedra.
1974. Revolución dos Caraveis en Portugal.

26 M. Ss. Cleto; Marcelino.
1846. Mártires de Carral: fusilamento do coronel Solís e os seus compañeiros do alzamento contra o goberno absolutista de Narváez.

27 M. Ss. Zita; Toribio de Mogrovejo.

28 X. S. Valeria.

29 V. S. Catarina de Siena.

30 S. Ss. Amador; Pío V.
 *1963. Falece en Ourense Vicente Risco.*
Cuarto
Minguante

Maio








O TEMPO

Este mes, de sempre florido, a calor non abafará nin a friaxe fará tremer; malia todo non hai que esquecerse dalgunhas chuvias. A xistra presentarase un tanto desacougada e traeranos friaxe polas noites. Na fin do mes o sol será radiante.

"Enxame pobre no maio morre"
"Cando no maio hai trollo non se perden todo"

DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Dias de choiva	 Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2015)	19,44	8,66	14,03	11	74,79
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2015)	18,90	8,48	12,71	11	114,44
Lugo	Campus Lugo (2000-2015)	19,40	9,80	13,08	10	57,34
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2015)	17,3	10,7	14,1	11	71,7
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2015)	19,8	8,2	13,3	10	49,2
	Ourense-Ciencias (2005-2015)	23,1	10,2	16,2	9	51,5
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2015)	19,2	5,5	12,5	11	72,3
	Corón-V. de Arousa (2002-2015)	19,4	12,3	15,6	9	75,8

1 D. S. Xosé Obreiro.
1880. *Nace a primeira publicación periódica de Galicia: El Catón Compostelano.*

2 L. Ss. Anastasio; Boris.
1988. *Morte do escritor Ben-Cho-Shey en Madrid.*

3 M. S. Santa Cruz.

4 M. S. Filipe e Santiago.
1907. *Fúndase o Centro Gallego de Bos Aires.*

5 X. **Ascensión do señor.**
S. Xudit.

6 V. S. Eleordo.



Lúa Nova

7 S. S. Domitila.

8 D. S. Segundo.

9 L. S. Isaías.

10 M. S. Antonio/a.

11 M. S. Estela.

12 X. Ss. Pancracio; Nereo.

13 V. Nosa Señora de Fátima.



Cuarto
Crecente

14 S. S. Matías.
1589. *O pirata Drake asedia a cidade da Coruña.*

15 D. **Domingo de Pentecostés.**
S. Isidro.

16 L. Ss. Honorato; Eufrasio.
1984. *Constitúese a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística.*

17 M. S. Pascual Bailón.
1833. *Nace Manuel Murguía en Arteixo.*
1863. *Editase en Vigo a primeira edición de Cantares Gallegos de Rosalía de Castro.*
1963. *A Real Academia Galega institúe o Día das Letras Galegas.*

18 M. Ss. Enriqueta; Corina.
1916. *Créase na Coruña as Irmandades dos Amigos da Fala.*
1970. *Fúndase o Museo Maside de Arte Contemporánea en Sada.*

19 X. Ss. Yvo; Yvone.

20 V. S. Bernardino de Siena.

21 S. Ss. Constantino; Trocado.



Lúa Chea

22 D. **Santísima Trinidad.**
Ss. Rita; Quiteria.

23 L. S. Desiderio.

24 M. Ss. Marta Auxiliadora; Susana.

25 M. Ss. Beda; Gregorio.

26 X. **Santísimo Corpus Christi**
S. Mariana.
1898. *Nace en Soutelo de Montes Avelino Cachafeiro Bugallo, considerado o mellor gaiteiro de Galicia.*

27 V. Ss. Emilio; Agostiño de Cantorbery.

28 S. S. Xermán.


29 D. Ss. Maximiano; Hilda.



Cuarto
Minguante

30 L. Ss. Fernando / Hernán; Xoana de Arco; Lorena.

31 M. S. Visitación.
1915. *Nace Ramón Piñeira na Lán cara.*









O TEMPO

Será un mes de so-lermiñas e solleiras, o vento será do nordés aínda que un tanto calmo. Contra os derradeiros días do mes, poida que caian pingas de auga que, se non chegan a enchoupar a terra, refrescarán o seu.

"En san Xoán pouco queixo e moito pan"
"En san Xoán o tempo aínda pon cara de can"

DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Dias de choiva	 Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2015)	22,60	11,67	17,16	6	43,35
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2015)	21,46	11,49	15,91	8	80,74
Lugo	Campus Lugo (2000-2015)	23,49	12,76	16,75	6	41,17
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2015)	19,7	13,6	16,7	8	56,9
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2015)	23,5	11,2	16,6	5	23,4
	Ourense-Ciencias (2005-2015)	26,8	13,4	19,8	4	29,7
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2015)	23,4	8,8	16,2	6	37,1
	Corón-V. de Arousa (2002-2015)	22,1	15,1	18,4	7	64,0

-
- 1 M.** Ss. Xustino; Pedro Vázquez.
1910. *Nace Luís Seoane en Bos Aires.*
-
- 2 X.** Ss. Marcelino; Erasmo.
-
- 3 V.** S. Maximiliano.
1876. *Nace en Cambados Ramón Cabanillas.*
1903. *Nace Alexandre Bóveda en Ourense.*
-
- 4 S.** S. Frida.
-
- 5 D.** Ss. Bonifacio; Salvador.
-
- 
Lúa Nova
- 6 L.** S. Noberto.
-
- 7 M.** S. Clodio.
1809. *Batalla de Pontesampaio contra as tropas francesas de Ney na que interveu tamén o "Batallón Literario de Santiago".*
-
- 8 M.** S. Armando.
-
- 9 X.** S. Efrén.
-
- 10 V.** S. Paulina.
1909. *Nace o poeta Aquilino Iglesias Alvariño en Abadín.*
1958. *Falece o pintor Carlos Maside en Compostela.*
-
- 11 S.** Ss. Bernabeu; Trinidad.
-
- 12 D.** S. Onofre.
1874. *Nace en Vigo o músico e escritor Teodosio Vesteiro Torres.*
-
- 
Cuarto Crecente
- 13 L.** S. Antón.
-
- 14 M.** S. Eliseo.
1987. *Publícase o primeiro número do "Atlántico Diario".*
-
- 15 M.** Ss. Leonidas, Manuela.
-

-
- 16 X.** S. Aurelio.
-
- 17 V.** S. Ismael.
-
- 18 S.** S. Salomón.
-
- 19 D.** S. Romualdo.
-
- 20 L.** S. Florentino.
-
- 
Lúa Chea
- 21 M.** Ss. Raúl; Rodolfo; Luís Gonzaga.
-
- 22 M.** Ss. Paulino de Nola; Tomé Moro.
-
- 23 X.** S. Marcial.
-
- 24 V.** S. Xoán Bautista.
1891. *Xogos Florais do Idioma Galego en Tui, con intervencións de Murguía, Brañas e o bispo Lago González.*
-
- 25 S.** Ss. Guillermo; Tramunda.
-
- 26 D.** Ss. Paio; Xoán Tersón.
-
- 27 L.** S. Cirilo.
-
- 
Cuarto Minguante
- 28 M.** S. Ireneo.
1936. *Aprobación en plebiscito do Estatuto de Autonomía de Galicia.*
-
- 29 M.** S. Pedro e Pulo.
-
- 30 X.** S. Adolfo.
-








O TEMPO

Este é un mes da seitura, que sempre se distinguiu por unha calor abafante, e no ceo por unha escintilante luminosidade e así se presentará unha vez máis. A estiaxe será importante durante todo o decorrer do mes.

"En xullo arder e as patacas coller"
"Xullo andando, millo arrendado"

DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Dias de choiva	 Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2015)	24,01	13,04	18,59	6	40,13
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2015)	22,44	12,80	17,22	8	44,27
Lugo	Campus Lugo (2000-2015)	24,87	14,55	18,19	4	25,01
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2015)	21,8	15,3	18,6	6	38,3
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2015)	26,9	12,5	18,5	4	19,1
	Ourense-Ciencias (2005-2015)	29,2	15,3	21,8	2	19,7
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2015)	24,2	10,0	17,5	4	24,4
	Corón-V. de Arousa (2002-2015)	23,5	16,2	19,5	6	43,3

1 V. S. Ester.
1824. Nace en Vigo o mariño Méndez Núñez.
1920. Morre na Habana Ramón Armada, fundador de A Gaita Galega, a primeira publicación en galego na América.

2 S. S. Gloria.
1861. Celébranse na Coruña os 1os Juegos Florales de Galicia. As súas creacións literarias serán publicados no libro Álbum de la Caridad en 1862.

3 D. S. Tomás.
1528. Constitúese en Compostela o Reino de Galicia.

4 L. Ss. Sabela; Eliana; Liliana.


Lúa Nova

5 M. Ss. Antón-María; Berta.

6 M. S. María Goretti.


7 X. S. Fermín.

8 V. S. Uxío.
1923. Anxel Casal promove a creación das Escolas do Ensino Galego, ofrecidas polas Irmandades da Fala.
1983. Fúndase o Consello da Cultura Galega.

9 S. S. Verónica.

10 D. Ss. Elías; Xoán Xacobo Fernández.

11 L. S. Bieito.

12 M. S. Filomena.

Cuarto Crecente
1900. Nace en Rianxo o poeta Manoel Antonio.
1906. Morre o compositor galego Pascual Veiga, autor do Himno de Galicia ou a Alborada Gallega.

13 M. Ss. Henrique; Xoel.


14 X. S. Camilo de Leis.

15 V. Ss. Boaventura; Xulio.
1885. Morre Rosalía de Castro en Padrón.

16 S. S. Carme.

17 D. S. Carolina.

18 L. S. Federico.

19 M. S. Arsenio.

Lúa Chea
1989. Morre o etnógrafo e historiador Xaquín Lorenzo (Xocas).

20 M. Ss. Mariña; Xosé M^a Díaz.
1979. Apróbase o decreto polo que o galego pasa a formar parte do sistema educativo galego.

21 X. S. Daniel.

22 V. S. María Madalena.

23 S. S. Brixida.

24 D. S. Cristina.
1985. Primeira emisión da Televisión de Galicia.
1967. Morre o galeguista Lois Peña Novo.

25 L. **Santiago Apóstolo.**
813. Descuberta a tumba do apóstolo Santiago polo bispo de Iria Teodomiro.
1965. O xesuíta Xaime Seixas celebra en Compostela a primeira misa en galego.

26 M. Ss. Xoaquín; Ana.


Cuarto Minguante

27 M. S. Natalia.

28 X. S. Celso.

29 V. S. Marta.

30 S. S. Abdón e Senén.
1881. Nace en Vigo o xornal La Propaganda, creado por Ricardo Mella para a defensa e ilustración da clase obreira.

31 D. S. Ignacio de Loyola.



O TEMPO






Continuará a calor do anterior mes, porén con brétemas. Nas primeiras horas da mañá o ceo completamente azul; malia iso, teremos días en que as nubes se imporán ao sol, caerá algunha auga do ceo tan pouco abundante que non se

lle poderá chamar chuvia, non obstante agradecerase. Contra fin de mes coezará a refrescar, entre fusco e lusco, polo interior; menos pola beiramar.

"Trebón de auga en agosto mellora o mosto"

"Se o mes de agosto vén claro, bo magosto e bo nabo; se vén nubrado, pouca castaña e nabo furado"

DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Días de choiva	 Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2015)	24,59	12,99	18,66	7	44,27
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2015)	23,19	12,97	17,19	7	84,56
Lugo	Campus Lugo (2000-2015)	25,51	14,69	18,29	5	28,21
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2015)	22,8	15,6	19,1	8	43,6
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2015)	26,7	12,8	18,7	4	11,3
	Ourense-Ciencias (2005-2015)	29,4	15,0	21,7	3	13,0
tevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2015)	25,4	9,9	17,5	6	36,5
	Corón-V. de Arousa (2002-2015)	24,1	16,6	19,9	6	46,3

1 L. S. Alfonso María de Ligorio.
1878. Sae á rúa o primeiro número do xornal El Correo Gallego.

2 M. S. Eusebio.



Lúa Nova

3 M. S. Lidia.

4 X. S. Xoán María Vianney.

5 V. Ss. Osvaldo; Neves.

6 S. **Transfiguración do Noso Señor.**

7 D. Ss. Sixto; Caetano.

8 L. S. Domingos de Guzmán.

9 M. S. Xusto.

10 M. S. Lourenzo.



Cuarto
Crecente

11 X. S. Clara de Asís.
1903. Nace en Lugo o escritor Ánxel Fole.

12 V. S. Laura.

13 S. S. Víctor.

14 D. S. Alfredo.

15 L. **Asunción da Virxe María.**

16 M. Ss. Roque; Xema.

17 M. S. Xacinto.
1908. Sae á rúa o primeiro número de El Progreso de Lugo.
1936. Alexandre Bóveda é fusilado na Caeira (Pontevedra).

18 X. Ss. Helena, Leticia.



Lúa Chea

19 V. S. Mariano.

20 S. S. Bernardo.

21 D. S. Pio X.

22 L. S. María Raíña.

23 M. S. Rosa de Lima.

24 M. S. Bartolomeu.

25 X. Ss. Luís (rei); Xosé Calasanz; Pedro Vázquez.



Cuarto
Minguante

26 V. Ss. Tareixa de Xesús; César.
1990. Morre o galeguista Ramón Piñeiro.

27 S. S. Mónica.

28 D. S. Agostiño.


29 L. Ss. Xoán Bautista; Sabina.

30 M. Ss. Donato; Ero.
1879. Créase o Centro Gallego de Montevideo.

31 M. S. Ramón.
1979. Morre en Vigo o escritor Celso Emilio Ferreiro.

O TEMPO






Comenzará o mes con calor; porén pouco a pouco irase esmaiolando, o ceo albardarase de nubes que poderán traer chuvias aínda que moi escasas para endamal dos encoros que tanta necesidade teñen de auga por tanta seca.



"En setembro colle o viño e non durmas no camiño"

"En setembro come e bebe; porén que non sexa tanto o vender que non deixes para comer"

DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Dias de choiva	 Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2015)	24,06	11,47	17,34	6	48,16
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2015)	22,27	11,93	16,29	6	107,26
Lugo	Campus Lugo (2000-2015)	23,50	13,22	16,39	5	44,03
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2015)	21,5	14,2	17,6	7	49,0
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2015)	24,4	12,3	17,4	5	32,9
	Ourense-Ciencias (2005-2015)	27,4	13,4	19,6	5	41,6
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2015)	23,9	8,4	15,6	7	60,1
	Corón-V. de Arousa (2002-2015)	22,9	15,3	18,6	5	61,2

1 X. S. Arturo.



Lúa Nova

2 V. S. Moisés.

3 S. S. Gregorio Magno.

4 D. S. Irma.
1906. Morre o poeta Valentín Lamas Carvajal.

5 L. S. Victorino.

6 M. Ss. Eva; Evelyne.

7 M. S. Rexina.

8 X. **Natividade da Virxe.**
1897. Nace en Ourense o escritor Eduardo Blanco Amor.

9 V. Ss. Serxio e Omar; Remedios.



Cuarto Crecente

10 S. Ss. Nicolás de Tolentino; Adalberto; Pedro de Mezonzo.

11 D. Ss. Orlando; Roldán.

12 L. S. María.

13 M. S. Xoán Crisóstomo.
1898. Morre en Pontevedra o galeguista Ramón Martínez López.

14 M. S. Imelda.

15 X. **Nosa Señora das Dores.**
1851. Nace en Celanova o escritor Cúrros Enríquez.

16 V. S. Cibrán.



Lúa Chea

17 S. S. Roberto.

18 D. S. Xosé de Cupertino.

19 L. S. Xenaro.

20 M. S. Amelia.

21 M. S. Mateu.

22 X. S. Maurício.

23 V. Ss. Lino e Tegra.
1895. Nace en Lalín o aviator Xoaquín Loriga, o primeiro da aviación en Galicia.



Cuarto Minguante

24 S. Nosa Señora do Carme.

25 D. S. Aurelio.
1110. Afonso Raimúndez é proclamado rei de Galicia polo arcebispo Xelmírez.

26 L. Ss. Cosme e Damián.

27 M. S. Vicente de Paúl.

28 M. S. Wenceslao.

29 X. Ss. Miguel; Gabriel e Rafael.

30 V. S. Xerónimo.

O TEMPO








O tempo será desacougado: por un lado bonanza con xeiras de sol e por outro zoará vento fresco do nordés. Haberá algunhas chuvias, a friaxe farase sentir polas noites.

"As verzas en outono comen o dono"

"Polo san Simón poñer o tapón, e polo san Martiño probar o viño"

DATOS CLIMATOLÓXICOS


	Estación de recollida de datos y media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Dias de choiva	 Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2015)	20,07	9,73	14,57	14	183,39
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2015)	18,95	9,95	13,63	15	304,40
Lugo	Campus Lugo (2000-2015)	19,20	10,90	12,93	13	143,86
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2015)	19,6	12,2	15,7	13	123,8
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2015)	18,9	9,9	13,9	9	105,2
	Ourense-Ciencias (2005-2015)	22,2	10,6	15,4	11	126,5
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2015)	18,8	6,7	12,3	13	212,3
	Corón-V. de Arousa (2002-2015)	20,1	12,9	16,3	12	199,3


- 1 S.** S. Tareixa do Neno Xesús.
1884. O escritor Vicente Risco nace en Ourense.
- 2 D.** S. Anxos Custodios.
1881. Nace en Viveiro o galeguista Antón Vilar Ponte.
- 3 L.** S. Xerardo.
1914. Nace en Silleda Ramón De Valenzuela.
- 4 M.** S. Francisco de Asís.
- 5 M.** Ss. Flor; Froilán.
- 6 X.** S. Bruno.
1923. Morre Andrés Martínez Salazar, transcribiu a Crónica Troyana.
- 7 V.** Nosa Señora do Rosario.
- 8 S.** Nosa Señora de Begonia.
1676. Fr. Benito Jerónimo Feijoo nace en Casdemiro (Pereiro de Aguiar).
- 9 D.** S. Dionisio.
- 10 L.** S. Francisco de Borja.
1974. Creación do Museo do Traxe Galego.
- 11 M.** S. Soidade.
- 12 M.** Nosa Señora do Pilar.
- 13 X.** S. Eduardo.
- 14 V.** S. Calisto.
- 15 S.** S. Tareixa de Ávila.
1702. Entra na ría de Vigo a escuadra que transporta 108 millóns de pezas de ouro e prata, o famoso tesouro de Rande.
- 16 D.** S. Eduvixes.
1881. O músico Marcial De Adalid morre na Coruña.

Lúa Chea

- 17 L.** S. Margarida M^a de Alacoque.
- 18 M.** S. Lucas.
- 19 M.** Ss. Paulo da Cruz; Renato.
1869. Nace en Mondoñedo o escritor Noriega Varela.
- 20 X.** S. Irene.
1929. O compositor Reveriano Soutullo estrea o pasodobre Ponteareas.
- 21 V.** S. Úrsula.
1886. Nace o filósofo Xoán Vicente Viqueira.
- 22 S.** S. Sara.
- 23 D.** S. Remixio.
1923. Fundación do Seminario De Estudos Galegos.
- 24 L.** Ss. Antón M^a Claret; Paderna.
- 25 M.** S. Olga.
1854. Nace en Mondoñedo Manuel Leiras Pulpeiro.
- 26 M.** S. Darío.
- 27 X.** S. Gustavo.
- 28 V.** Ss. Simón; Xudas.
- 29 S.** S. Narciso.
1977. Inauguración do Museo Do Pobo Galego.
- 30 D.** S. Alonso.
1920. Aparece o primeiro número en Ourense da revista "NÓS".
- 31 L.** S. Lucía.


Cuarto Minguante


Lúa Nova

 Cambio horario (atrasarase o reloxo 1h)








O TEMPO



Teremos uns días de solleiras que non durarán, pois axiña trocarán por ventos que traerán chuvias que darán lugar a que o sol esfurricado apenas quente. As folepas de neve cubrirán os orois máis altos.

*"Despois de san Martiño o inverno vén de camiño"
"Cando Santos remata, o inverno empeza"*

DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Días de choiva	 Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2015)	15,54	6,37	10,90	13	150,31
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2015)	13,63	6,78	9,91	15	220,74
Lugo	Campus Lugo (2000-2015)	13,21	7,91	8,49	13	107,44
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2015)	15,5	9,1	12,3	13	139,4
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2015)	12,5	5,9	8,8	13	95,5
	Ourense-Ciencias (2005-2015)	15,4	6,8	10,5	13	105,8
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2015)	13,5	3,6	8,2	15	155,3
	Corón-V. de Arousa (2002-2015)	16,1	9,6	12,9	15	217,0

-
- 1 M.** **Todos os Santos.**
1567. Nace en Baiona Diego Sarmiento De Acuña, Conde de Gondomar.
1849. Nace en Ourense o escritor Valentín Lamas Carvajal.
-
- 2 M.** Todos os Fieis Defuntos.
-
- 3 X.** S. Martiño de Porres.
1853. Sae á rúa o primeiro número de Faro De Vigo.
-
- 4 V.** S. Carlos Borromeo.
-
- 5 S.** S. Silvia.
-
- 6 D.** S. Leonardo.
-
- 7 L.** Ernesto.
- 
Cuarto
Crecente
-
- 8 M.** S. Ninfa.
-
- 9 M.** S. Teodoro.
1959. Nace en Cambados o escritor Ramón Cabanillas.
-
- 10 X.** S. León Magno.
-
- 11 V.** S. Martiño de Tours.
-
- 12 S.** S. Cristián.
-
- 13 D.** S. Diego.
2002. Afundimento do petroleiro Prestige fronte ás costas galegas.
-
- 14 L.** S. Humberto.
1738. Nace en Noia o escultor Xosé Ferreiro.
1886. Nace en Ourense o investigador Florentino López Cuevillas.
1916. Sae á rúa o primeiro número da publicación galeguista "A Nosa Terra".
- 
Lúa Chea
-
- 15 M.** S. Alberte Magno.
1944. Créase en Montevideo o Consello De Galiza.
-

-
- 16 M.** Ss. Margarida; Xertrude.
1877. Nace en Ourense o músico Francisco Santalices.
-
- 17 X.** S. Sabela de Hungría.
1918. 1ª Asemblea en Lugo das Irmandades Da Fala.
-
- 18 V.** S. Elsa.
-
- 19 S.** Ss. André; Avelino.
-
- 20 D.** S. Edmundo.
-
- 21 L.** S. Presentación da Virxe.
- 
Cuarto
Minguante
-
- 22 M.** Ss. Cecidia; Xoán de Pontevedra.
-
- 23 M.** S. Clemente.
1879. Reunión de creación do Centro Galego Na Habana.
-
- 24 X.** S. Flora.
-
- 25 V.** S. Catarina Labouré.
-
- 26 S.** S. Delfina.
-
- 27 D.** **Primeiro Domingo do Advento**
Ss. Virxilio; Facundo; Primitivo.
-
- 28 L.** S. Branca.
-
- 29 M.** S. Saturnino.
- 
Lúa Nova
-
- 30 M.** S. André.
1232. Consagración da Catedral De Tui.
1833. As sete Provincias Galegas do antigo reino de Galicia pasan a ser as catro actuais.
-








O TEMPO

O vento farase sentir de xeito que deixe sen acougo os cataventos. O sol, por moito que se empeñe, apenas lucirá. O vento do nordés traerá neve na montaña e friaxe na beira mar.

*"Polo Nadal, cada ovella no seu curral"
"Nadal chuvioso, xaneiro ventoso"*

DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Dias de choiva	 Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2015)	13,55	4,66	8,70	13	143,66
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2015)	12,56	5,01	8,05	17	264,05
Lugo	Campus Lugo (2000-2015)	10,55	5,47	5,25	13	109,39
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2015)	13,6	7,2	10,2	12	100,8
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2015)	10,1	3,8	6,7	11	87,6
	Ourense-Ciencias (2005-2015)	12,1	4,0	7,5	10	88,3
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2015)	18,1	1,7	6,2	14	155,1
	Corón-V. de Arousa (2002-2015)	14,0	7,9	10,9	14	160,8

-
- 1 X.** S. Florencia.
1979. *O escritor Eduardo Blanco Amor morre en Vigo.*
-
- 2 V.** S. Viviana.
-
- 3 S.** S. Francisco Xabier.
-
- 4 D.** Ss. Xoán Damaceno; Bárbara.
1967. *Fundación de Edicións Do Castro.*
-
- 5 L.** S. Ada.
-
- 6 M.** S. Nicolás.
1931. *Fundación en Pontevedra do Partido Galeguista.*
-
- 7 M.** S. Ambrosio.
-
- 
Cuarto
Crecente
-
- 8 X.** Inmaculada Concepción.
-
- 9 V.** S. Jéssica.
1617. *Cangas foi saqueada polos turcos.*
-
- 10 S.** Nosa Señora de Loreto. S. Eulalia.
-
- 11 D.** S. Dámaso.
-
- 12 L.** Nosa Señora de Guadalupe.
1925. *O Pazo de Castrelos é doado a Vigo por Quiñones de León.*
-
- 13 M.** S. Lucía.
-
- 14 M.** S. Xoán da Cruz.
1895. *Nace en Betanzos o músico José Rodríguez Arriola.*
-
- 
Lúa Chea
-
- 15 X.** S. Reinaldo.
-
- 16 V.** S. Alicia.
1811. *Nace en Pontevedra o escritor Xoán Manuel Pintos.*
1884. *Nace en Vilanova de Arousa o escritor Julio Camba.*
-
- 17 S.** S. Lázaro.
1900. *Nace en Laxe o investigador e xeólogo Isidro Parga Pondal.*
1932. *Redacción do 1º Estatuto de Galicia.*
-
- 18 D.** S. Sonia.
1895. *Nace en Lugo o escritor Luís Pimentel.*
-
- 19 L.** S. Urbano.
1981. *Constitución do Parlamento De Galicia.*
-
- 20 M.** Ss. Abrahán; Isaac; Xacobe.
1907. *O Himno Galego estréase no Gran Teatro da Habana.*
-
- 21 M.** Ss. Pedro Canisio; Aldara.

Cuarto
Minguante
1121. *Entrega de Dona Urraca a Xelmírez das Torres do Oeste.*
1980. *Referendo do Estatuto De Autonomía.*
-
- 22 X.** S. Fabiola.
1884. *Nace en Ourense o escritor Antón Losada Diéguez.*
1896. *Primeira proba da luz eléctrica en Vigo.*
1911. *Nace en Mondoñedo Álvaro Cunqueiro.*
-
- 23 V.** S. Victoria.
1973. *Morre en Vigo o pintor Urbano Lugrís.*
-
- 24 S.** S. Adela.
-
- 25 D.** **Natividade do Noso Señor.**
Noel; Noelia.
-
- 26 L.** S. Estevo.
-
- 27 M.** S. Xoán.
-
- 28 M.** S. Santos Inocentes.
-
- 29 X.** Ss. Tomé Becket; David.
-
- 
Lúa Nova
-
- 30 V.** S. Roxelio.
-
- 31 S.** S. Silvestre; Fránquila.
-



Ampligo® 150ZC

¿quiere o control?



Ampligo® 150ZC

syngenta.

dobre eficacia en acción
para o control de lepidópteros no millo

TM



Guieiro de herbas medicinais

Tileiro *Tilia platyphyllos* (Scop.)
Cast. Tilo.

Descrición

É unha especie arbórea pertencente á familia das malváceas, moi habitual nos bosques de Europa. Presenta unhas follas características con forma de corazón, as súas flores aparecen cunha bráctea modificada característica.

Propiedades e indicacións

As inflorescencias e brácteas dos tileiros empréganse en medicina polas súas propiedades sedantes, antiespasmódicas e ansiolíticas.

Utilízase fundamentalmente a inflorescencia seca, que ha de recollese cando o tempo é seco e as flores están abertas. Conteñen un aceite esencial rico en flavonoides responsables da acción emoliente e sedante sobre o sistema nervioso.

Emprégase no caso de ansiedade, insomnio e indigestión, por reducir a acidez gástrica.

A cortiza do tileiro ten propiedades coleréticas, antiespasmódicas e vasodilatadoras, empregándose tamén en infeccións hepatobiliares e cefaleas.

Das sementes obtense un aceite aromático que é empregado para combater a alopecia e que é usado en cosmética.

Preparación e emprego

Emprégase en infusións, tanto as súas inflorescencias como a albura da súa cortiza. A infusión faise vertendo auga quente e deixando repousar uns 5 minutos antes de tomala.

As súas follas tenras poden ser usadas en ensalada.

A árbore ten outras aplicacións ademais das medicinais, xa que é moi decorativa e proporciona moita sombra.



XESTELA *Equisetum* (sp.) Cast. Cola de caballo.

Descrición

É un arbusto perenne con talo rizomatoso, distribuído no hemisferio norte. Poden ser con talos estériles e fértiles. Os estériles arrincan a medrar despois que os fértiles emerxeron; e tenden a ser máis longos e arbustivos. Eses segmentos conteñen un set de ramas erectas, ata 20 segmentos e con longos de 5 a 50 cm. Os fértiles tenden a ser a metade de longo que os estériles e ser máis suculentas.


Propiedades e indicacións

Empregada en medicamento popular polas súas calidades diuréticas, hemostáticas e remineralizantes, fatiga, convalecencia, consolidación de fracturas e reumatismo. Contén abundantes sales minerais como cloruro potásico (acción diurética) e sílice (mineralización e reuma). Tratamento de edemas xeneralizados, oliguria, litíase renal e curas de adelgazamento.

Preparación e emprego

Uso dos talos estériles en forma de po e infusión. O extracto líquido úsase como hemostático e a decocción en uso tópico para lavado de feridas e rápida cicatrización.

Algunha especie como o Equiseto dos Pantanos (*E. palustre* L.) ou o Equiseto menor (*E. arvense* L.) presentan certa toxicidade por un alcaloide que conteñen. Producíronse intoxicacións en gando vacún, por inxestión de grandes cantidades destas que se manifestan con hiperexcitabilidade, debilidade muscular, diarrea e forte caída na produción de leite. Coñécese como equisetose e é unha avitaminose debida á destrución de vitamina B.



Xilbardeira *Ruscus aculeatus* L. Cast. Rusco.

Descrición

Pequeno arbusto de 30 a 80 cm de altura de cor verde escura, con rizomas subterráneos dos que saen talos florais masculinos ou femininos, en ambos os casos presenta dous tipos de talos, os normais son lisos e redondeados, mentres que os outros teñen falsas follas, de forma ov lanceolada de 2 a 3 cm de lonxitude e acabadas cunha punta rixida e punzante. As follas verdadeiras son moi pequenas, como escamas que normalmente pasan desapercibidas. Toda a planta fai a fotosíntesis fóra das follas verdadeiras que se desprenden rapidamente. As flores son pequenas, verdosas ou violáceas. Florece no inverno e na primavera, mentres que no outono e inverno, nas plantas femininas, aparece o froito en forma de baya vermella de 10 a 12 mm de diámetro con dúas sementes.



Propiedades e indicacións

O rizoma e as raíces figuraron nas farmacopeas polas súas propiedades diuréticas. diurético para tratamento de edemas en membros inferiores. Pola súa acción venotónica emprégase como antihemorroidal e antivascular.

Preparación e emprego

Uso por vía interna para infusións, decoccións ou extracto líquido. En uso externo utilízanse pomadas aplicadas en forma de masaxe para tratamento de varices e hemorroides. Os fritos son tóxicos e a súa inxestión pode provocar, sobre todo en nenos pequenos, diarreas, vómitos e convulsións.






Guía de Tratamientos

ESTADOS	NO INVERNO	Ô GROMAR	GROMOS DE 10 - 30 cm.	ACIOS Á VISTA
PRAGAS E ENFERMIDADES				
MILDEU			RIDOMIL GOLD COMBI 200 g/hl ou RIDOMIL GOLD MZ PEPITE 250 g/hl	RIDOMIL GOLD COMBI 200 g/hl ou RIDOMIL GOLD MZ PEPITE 250 g/hl
OÍDIO		THIOVIT-JET 500 g/hl	THIOVIT-JET 500 g/hl	THIOVIT-JET 500 g/hl ATEMI 10 20 g/hl ou TOPAS 200 20 ml/hl
PODRE DA UVA				
VERMES DA UVA				
NUTRICIÓN E REGULACIÓN				

No caso de ataques de "Acariosis" ou "Araña Vermella", aplicar VERTIMEC (75 ml/hl).



Viñedos Galegos

COMENZO DA ESFARNA	REMATE DA ESFARNA	GRAN DE ERVELLA	NA PINTA	3 SEMANAS ANTES DA VENDIMIA
				
PERGADO F 200-250 g/hl		COBRE SÚPER PLUS 400 g/hl	COBRE SÚPER PLUS 400 g/hl ou ZZ CUPROCOL 250 ml/hl	ZZ CUPROCOL 250 ml/hl ou COBRE SÚPER PLUS 400 g/hl
QUADRIS MAX 2 l/ha (200 ml/hl)(*)	COBRE SÚPER PLUS 400 g/hl			
QUADRIS MAX 2 l/ha (200 ml/hl)(*)	Dynali ® 50-65 ml/hl		TOPAS 200 20 ml/hl ou ATEMI 10 20 g/hl	
TOPAS 200 20 ml/hl	TOPAS 200 20 ml/hl	TOPAS 200 20 ml/hl		
		SWITCH 100 g/hl	SWITCH 100 g/hl	SWITCH 100 g/hl
KARATE ZEON+ 1,5CS 65-130 ml/hl	AFFIRM 1-1,5 kg/ha (100-150 g/hl)		AFFIRM 1-1,5 kg/ha (100-150 g/hl)	
	ISABIÓN 200-300 ml/hl ABOFOL 100-300 g/hl	ISABIÓN 200-300 ml/hl ABOFOL 100-300 g/hl		

(*) Considérase un gasto de 1.000 l de auga por ha.



Outros males da viña



ÁCAROS

Case sempre se encontran nas follas. Son de tamaño moi pequeno, visible con lupa. Poden causar danos importantes á viña, producindo a caída prematura das follas e dificultando a maduración do gran con diminución do grao alcohólico, así coma o bo agostamento dos baceiros.

Debe tratarse ao comezo dos primeiros síntomas ou de forma preventiva cun produto como VERTIMEC (75 ml/hl), mollando homoxeneamente toda a follaxe.



PODRE DA UVA

Este mal ataca sempre as mellores castes do país e tamén a todas aquelas de acio pecho.

- O primeiro tratamento farase ó remata-la "Purga" con QUADRI MAX contra mildeu.
- Os outros tratamentos faranse con SWITCH antes do peche do acio e durante o pintor. Prazo de seguridade 7 días. Pode mesturarse cos produtos anti-mildeu. Dose 100-150 g/hl.



VERME DA UVA

É un verme que no primeiro come as flores do acio e fai unhas teñas como se fose unha araña; máis tarde fura as uvas e podrecen por esta causa. Esta praga tópase en case que todas as viñas, uns anos máis que outros. Combátese botando KARATE ZEON + 65-130 ml/hl. Tamén se pode aplicar AFFIRM a 1-1,5 kg/ha antes das postas, cando empeza a aparición de bolboretas.



BLACK-ROT OU PODREMIA NEGRA

Esta enfermidade ataca con virulencia a follas, baceiros e acios da vide. Produce manchas de color vermella ladrillo e cóbrese nos seu interior de pequenas pústulas negras circulares. En acios produce a desecación e engurrado dos grans.

Tratar con produtos para a mera, como QUADRI MAX.



REFORZAMENTO DAS CEPAS

Os nosos viñedos son moi pouco fertilizados, por iso vanlle moi ben os tramentos cun "fertilizante foliar".

Deben facerse tres ou catro aplicacións durante a época de máis medrío das gromadas e uvas.

Aplicar ISABIÓN a 300 ml/hl ou ABOFOL a 100-150 g/hl.

Este fertilizante pode mesturarse no momento do tratamento cos produtos indicados contra o Mildeu.

A partir do pintor aplicacións con STIMUFOL K 300 g/hl favorecen a maduración da uva.



MALAS HERBAS

Para combater-las malas herbas entre as cepas en calquera época do ano, pode botarse o herbicida REGLONE a dose de 500-750 ml/hl. Os mellores resultados acádanse durante os meses de menos sol e máis humidade (dende Outono a Maio).


O REGLONE pode botarse cantas veces veñan as herbas e non dana as raíces nin os talos.


Tamén pode botarse TOUCHDOWN PREMIUM á dose de 500 a 800 ml/hl, tendo coidado de non mollar as partes verdes da viña; este dura máis que REGLONE.

Se o que se precisa é un desherbado duradeiro, botarase TERRAPACK, herbicida de pre e postemerxencia contra malas herbas anuais de folla estreita e ancha.


Consellos


para os coidados da viña


 **CANDO PLANTES CEPAS**, procura un patrón axeitado á túa terra: nas terras soltas e secas de ladeira precisa plantas con patrón de raíz profunda; nas terras frescas de ribeira, a clase de patrón ten que ser de raíz máis superficial. Tamén é importante que a afinidade da caste de cepa a enxertar con patrón sexa boa. Antes de mercar os patróns ou cepas enxertadas, convén asesorarse nas Oficinas Agrarias Comarcais ou na Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia.

 **GALICIA, POLA SÚA CLIMATOLOXÍA**, é un país endémico de enfermidades de fungos, especialmente "Mildeu". Os tratamentos de inverno contribúen a unha sanidade mellor das cepas. Tratamentos indicados son: ZZ CUPROCOL á caída da folla (outubro); e un segundo tratamento de ZZ CUPROCOL despois da poda (febreiro-marzo).

 **OS LABORES FONDOS DA VIÑA** deben facerse sempre na plena parada invernal, sempre antes da movida do zume.

 **O RISCO DE XEADAS AUMENTA** nas viña con herba. No mes de abril, en que hai risco de xeadas tardías, as cepas deben ter un solo limpo de herbas. Unha aplicación de REGLONE nese mes é moi recomendable. É posible facer a aplicación con TOUCHDOWN PREMIUM, tendo en conta non mollar nin pámpanos, nin gromos nin follas.

Insecticida foliar para controlar vermes nas Hortalizas do xénero brassica (ao aire libre), leituga e similares, millo, millo doce e tomate. Combina dous ingredientes activos con diferentes modos de acción: clorantraniliprol e lambdacialotrin cunha nova formulación ZC. Ten un amplo espectro de acción, efecto de choque e eficiencia insecticida prolongada.

DOSE: 0,3 – 0,4 l/ha.**APHOX**

50% Pirimicarb WG. N° 11826

500g, 5 kg e 10 kg. PS: 7 días en cítricos, froiteiras de folla caduca e industriais; 3 días en horticolas (excepto en cucurbitaceas que son 7 días).

Aficida específico contra pulgóns respectando os insectos beneficiosos; para horticolas, froiteiras, cultivos florais, ornamentais, industriais e cereais.

DOSE: 100 g/hl mollando ben o cultivo.**COSTAR**

18% Bacillus thuringiensis var. N° 22060

Kurstaki, 90,4 millóns de U.I./g WG. PS: NP.

500 g.

Insecticida biolóxico específico contra vermes de lepidópteros, nos cultivos de horticolas.

DOSE: 30-50 g/hl. Con alto volume de caldo por ha. Aplicar ao observar as primeiras eirugas ou síntomas. Usar as doses máis altas se hai vermes desenvolvidos.**CRUISER 350 FS**

35% Tiamethoxam FS. N° 23141

500 ml. PS: NP semente de patacas.

Insecticida sistémico e de contacto, de amplo espectro, especialmente indicado para o control dos escaravellos da pataca. A formulación está posta a punto para o emprego como tratamento de tubérculos antes da sementeira, penetrando no interior da semente tratada. En canto esta xermina, dirixese cara aos órganos en crecemento e protexe a plántula e posterior desenvolvemento do cultivo.

DOSE: 21,4 ml cada 100 Kg de tubérculos.**EFORIA****NOVO**

1,5% Lambda cihalotrin CS + N° 25418

3% Tiametoxam SC. PS: 3 días en berenxena, cabaciño, coliflor, pepino, pemento e tomate; 7 días en alcachofa, olivo e patata; 14 días en albaricoqueiro, brócoli, cerdeira, ameixeira, leituga e similares, maceira, melocotoeiro e pereira; 28 días el resto de cultivos.
250 ml, 1 l e 5 l.

Mezcla Insecticida de amplo espectro con dúas materias activas que actúa por inxestión, contacto e presenta acción repelente, contra vermes, pulgóns, mosca branca, pulguiñas, psila, minadores das follas e escaravellos, nos cultivos de: patacas, berenxena; millo, maceiaras, pereiras, hortalizas varias, leitugas e similares, melocotoeiro, cerdeiras, ameixeiras, olivo e outros.

DOSE: 0,4 - 1,25 l/ha.**FORCE 1,5 G**

1,5% Teflutrin granulado. N° 24883

300 g e 5 kg. PS: 30 días espárragos; NP outros cultivos.

Insecticida piretroide para tratamento da terra, contra: vermes de arame, vermes brancos, vermes grises, roscas, pulguiñas e moscas. Cultivos de cenorias, nabos, tomate, pemento, melón, xudías, chicharos, espárragos, patacas, millo, repolos e remolacha.

DOSE: 3-5 kg/ha.

KARATE ZEON + 1,5 CS

1,5 % Lambda cihalotrin CS N° 25143
microencapsulado.

100 ml, 250 ml, 1 l, 5 l
e 20 l.

PS: 3 días en allos, alcachofa, apionabo, berenxena, cebolla, chalote, coliflor, cucurbitáceas, amorodo, pataca, pemento, rábano, tomate; 14 días en legumes de gran.

Insecticida piretroide de amplo espectro en forma microencapsulada que actúa por inxestión, contacto e acción repelente, contra vermes, pulgóns, mosca, pulguiñas e escaravellos, nos cultivos de: patacas, cereais, millo, froiteiras, hortalizas varias, vide, ornamentais e outros.

DOSE: En vide contra *Scaphoideus Titanus*: 165 ml/hl. En alcachofa: 0,65-1 l/ha.

MATCH 5 EC

5% lufenurón - EC.
1 e 5 l.

N° 19623
PS: 7 días.

Inhibidor do crecemento dos insectos, con acción sobre a quitina contra vermes e trips nos cultivos de tomate, leituga, melón, cogombro, pemento e sandía. Indicado nos protocolos de loita integrada.

DOSE: Trips 200 ml/hl, Heliothis 60-100 ml/hl e Spodoptera 40 ml/hl.

PLENUM

50% Pimetrozina WG.
1 kg. (En sobres de 200 g).

N° 25047

PS: 3 días hortícolas; 7 días en pataca e leituga;
14 días melocotoeiro; 21 días laranxeira, limoeiro y mandarino.

Insecticida que actúa por inxestión e contacto, contra pulgóns e mosca branca nos invernadoiros. Cultivos de: hortícolas, melocotoeiro e cítricos.

DOSE: Pulgóns 40 g/hl, mosca branca 50 g/hl. Aplicar ao principio da infestación.

TRIGARD 75 WP

75% Ciromazina WP.
100 g e 200 g.

N° 17832

PS: 7 días no apio, alcachofa, acelga, escarola e leituga; 14 días en cenoria; 15 días para champiñón; 21 días na pataca, e 3 días nos restantes cultivos. Compatible con abellas.

Insecticida sistémico contra larvas de dípteros (Liriomyza spp.). Nos cultivos de: champiñón, hortalizas varias, pataca, ornamentais e florais.

DOSE: 20-40 g/hl. En champiñón, aplicar pulverización grossa sobre o compost: 0,5-1 g/m² cunha cantidade de caldo de 0,5 l/m². Reservar as doses máis altas para fortes infestacións ou larvas moi desenvolvidas, 120-240 g/ha en pataca.

VERTIMEC

1,8% de Abamectina EC.
250 ml, 1 l e 5 l.

N° 16784

PS: 3 días en tomate, pemento, corcubitáceas, berenxena e amorodo; 7 días en tomate e berenxena de invernadoiro; 10 días en cítricos e pereira; 14 días en melocotoeiro; 28 días en maceira e vide; NP en leituga.

Insecticida-acaricida con acción translaminar, contra ácaros, eriófidos e minadores de follas, nos cultivos de apio, berenxena, leituga, melón, sandía, pemento, tomate, amorodo, maceira, pereira, melocotoeiro, cítricos, ornamentais herbáceas, ornamentais leñosas, palmáceas ornamentais e vide.

DOSE: 50-100 ml/hl. En vide tratar ao inicio do ataque dos ácaros a razón de 75 ml/hl, mollando moi ben toda a follaxe. Nos cítricos para phyllocnistis 30 ml/hl.

AMISTAR XTRA

20% Azoxistrobin, N° 24371
 8% Ciproconazol SC, PS: 35 días.
 5 l.

Funxicida de amplo espectro de acción preventiva e curativa para o control de enfermidades foliares do trigo e da cebada. Controla fundamentalmente septoria, oídio, roia, hemiltosporium e rincosporium. Comezar as aplicacións desde final dos gromos, cando as condicións para o desenvolvemento da enfermidade sexan apropiadas, ata o espigado.

DOSE: 0,6-1 l/ha.

ATEMI 10 WG

10% Ciproconazol. N° 24900
 300 g e 1 kg. PS: 3 días melón, sandía, cabaciña, cogombro, amorodo, pemento e tomate; 14 días froiteiras de óso e pebida; 28 días en remolacha, cereais e vide; NP en ornamentais herbáceas e leñosas.

Funxicida antioídio sistémico de acción preventiva e que ademais detén a infección durante o período de incubación. Para cultivos de viña, froiteiras, amorodos, hortícolas e outros cultivos.

DOSE: 10-20 g/hl conforme os cultivos. Remolacha azucreira 0,4-0,8 kg/ha e na vide para yesca 125-250 g/hl.

BRAVO 720 SC

72% Clortalonil SC. N° 24121
 1 e 5 l. PS: 3 días en cucurbitáceas de pel non comestible, cogombro, pirixel e solanáceas; 10 días en allos, apio, arando, brécol, cebola, ceboliño, chalota, coles de bruxelas, coliflor, amorodos, polo, repolo; 15 días en albaricoqueiro, cebada, froiteiras, patata, trigo e cenoria.

Funxicida de amplo espectro para o control de alternariose, antracnose, botrite, chancros, helmintosporiose, mera, momificados, moteados e outras enfermidades producidas por fungos endoparasitos.

DOSE: 160-210 ml/hl.

CIDELY TOP

NOVO

12,5 % p/v Difenconazol + N° E-00056
 1,5% p/v Ciflufenamida DC. PS: 3 días.
 250 ml, 1 e 5 l.

Funxicida preventivo e curativo para controlar enfermidades fúngicas en tomate, pemento, berenxena, amorodo, pepino, cabaza, melón e sandía.

Cidely Top é a combinación da unión de dous ingredientes activos con modos de acción (difenconazole e ciflufenamida). Esta combinación ofrece un amplo espectro de acción funxicida con alta persistencia e Oidiopsis oídio, Alternaria, Cladosporium, Antracnose e Mycosphaerella. Difenconazole é funxicida que ten efecto preventivo e curativo, translaminar e sistémico cun amplo espectro de control da enfermidade. Ciflufenamida é moi activa nunha ampla gama de mildeus, con actividade preventiva, curativa e residual. Presenta movemento translaminar dentro da planta e de vapor na superficie.

DOSE: 100 ml/hl (máximo 1 l/ha)

COBRE SÚPER PLUS

15% Oxicloruro de cobre. N° 14503

10% Mancozeb.

3% Cimoxanilo. WP.

300 g, 1 kg e 4 kg.

PS: 3 días en tomate de invernadoiro; 10 días en tomate ao aire libre; 15 días na pataca e uva de mesa; 21 días na vide de viño.

Funcicida antimer de acción preventiva e curativa que mellora o estado xeral das plantas e a calidade das colleitas; especialmente axeitado para Galicia pola forte presión dos ataques da enfermidade e as carencias de Magnesio. Indicado para control da mera da vide, e mera e alternariose nas patacas e tomates. Non se coñecen resistencias a esta formulación.

DOSE: 400 g/hl. No caso de ataques iniciados, aplicar a máxima dose e repetir o tratamento aos poucos días.

ZZ-CUPROCOL

70% En forma de oxicloruro de cobre.

Suspension concentrada en auga.

1 l e 5 l.

N° 14534

PS: 3 días en tomate de invernadoiro, allo, cebola, chalota, corcurbitáceas de pel comestible, chícharo, fabas e xudía verde. 10 días en tomate ao aire libre e berenxena; 7 días en corcurbitáceas de pel non comestible, 15 días en oliveira e outros cultivos; NP en froiteiros de óso e pebida e ornamentais.

Funcicida a base de cobre en formulación coloidal con 90% das súas partículas inferiores a unha micra, polo que a súa actividade funcicida está máis potenciada. Cultivos da vide, contra mildeu, bacteriose, axeitado para últimos tratamentos antes da colleita, e tamén en tratamentos do inverno. Cultivos da tomate e outras hortícolas, contra mildeu, antracnose, bacteriose e alternariose.

DOSE: 150-200 ml/hl.

DYNALI

3% Ciflufenamida +

6% Difenoconazol p/v (DC)

1 l e 5 l.

N° E-00001

PS: 21 días.

Funcicida preventivo para o control do oídio da viña, con dúas formas de acción e formulado como concentrado dispersable a base de disolventes de orixe natural, que permite unha mellor disolución e unha pulverización de maior calidade.

DOSE: 50 - 65 ml/hl (máximo 650 ml/ha).

OHAYO

50% Fluazinam SC.

1l.

N° 23139

PS: 7 días en pataca.

Funcicida preventivo de aplicación foliar, contra a mera da pataca. Moi indicado para a protección contra a mera no tubérculo.

DOSE: 300-400 ml/hl.

ORTIVA

25% Azoxystrobin SC.

1 l e 5 l

N° 22000

PS: 1 día corcurbitáceas de pel comestible e amorodos; 3 días corcurbitáceas pel non comestible, berenxenas, tomates e pementos; 7 días alcachofa, leituga, apio, berros, canónigos, endivia, escarola e cenoria e xudía; 14 días brócolis, coliflor, repolo, allo, cebola e chícharos; 28 días feixón (faba); 35 días trigo e cebada.

Funcicida para o control de esclerotinia en leituga, fungos en allos, mera da alcachofa, berenxena, cebola, corcurbitáceas, amorodo, leituga, pemento e tomate, oídio, fungos e outras enfermidades en trigo e cebada.

DOSE: 80-100 ml/hl. Trigo e cebada 0,8-1 l/ha.

ORTIVA TOP

Azoxistrobin 20 % p/v (200 g/l) + N°: 25.407
Difenoconazol 12,5% p/v (125 g/l). PS: 3 días en tomate, amorodo, pemento; 7 días en leituga, berenxena, feixón verde e alcachofa.
1 e 5 l.

Funxicida de aplicación foliar a base de Azoxistrobin e Difenoconazol para o control de enfermidades fúxicas en tomate, pemento, berenxena, amorodo, feixón verde, leituga e alcachofa. O Azoxistrobin é un potente inhibidor da xerminación de esporas, presentando acción preventiva, curativa e erradicante, con propiedades de contacto e translaminares. O Difenoconazol é un funxicida sistémico con acción preventiva e curativa, que é absorbido pola planta e ten unha grande acción acrópeta, basipeta e translaminar.

DOSE: 100ml/hl.

PERGADO F

5% Mandipropamida WG. N° 25316
40% Folpet. PS: 28 días.
1 kg e 5 kg.

Funxicida indicado para o control preventivo da mera (mildeu) da vide. Pergado é un funxicida cun novo modo de acción cunha alta eficacia no control dos oomicetos que atacan a vide. Posúe unha alta resistencia ao lavado pola choiva tras 2 horas da aplicación.

DOSE: 200-250 g/hl.

QUADRI MAX

9,35% Azoxystrobin. 50% Folpet SC. N° 24025
1,5 l e 10 l. PS: 28 días viña.

Funxicida con movemento por difusión que controla mera e oídio, no cultivo da vide.

DOSE: 200 cc/hl. Para evitar resistencias, aplicar un máximo de 3 aplicacións. Moi indicado para tratamentos desde inicio de floración ata uva tamaño de ervella. Acción secundaria para outras enfermidades da vide.

REVUS

25% Mandipropamida SC. N° 25186
250 ml e 5 l. PS: 3 días en pataca e tomate, 7 días en: pirixel, herbas aromáticas, escarola, canónigos, achicoria, acelga, melón, calabacín.

Funxicida de amplo espectro de acción preventiva e curativa para o control da mera da pataca, leituga e tomate. Revus é un funxicida cun novo modo de acción cunha alta eficacia no control dos oomicetos que atacan a algunhas hortícolas. Posúe unha alta resistencia ao lavado pola choiva ou as regas tras 2 horas da aplicación.

DOSE: 0,4-0,6 l/ha.

REVUS TOP

Mandipropamid 25% (Revus). N° 25186
Difenoconazol 25% (Score) N° 18767
1x250+1x250 ml e 2x1l + 2x1l. PS: Revus: 3 días, Score 30 días.

Un funxicida para pataca que se presenta nun paquete formado por dous produtos:

Revus: é unha nova materia activa coa tecnoloxía Lock&Flow que lle permite fixarse rapidamente ás ceras da folla e ao mesmo tempo fluír cara ao interior, protexendo a folla tanto pola face coma polo envés evitando o desenvolvemento da mera. **Score:** é un funxicida sistémico de contrastada eficacia no control de alternaria, mantendo o cultivo protexido durante longo tempo e detendo a enfermidade durante o período de incubación do fungo.

A asociación de ambos os dous funxicidas permítenos obter un extraordinario control tanto da alternaria coma da mera nunha presentación líquida de moito máis doado manexo para a súa aplicación e mesturas.

DOSE: 0,5 l/ha (Revus) e 0,5 l/ha (Score).

RIDOMIL GOLD COMBI PEPITE

5% Mefenoxam (Metalaxil-M 4,8%) N° 24397
40% Folpet WG. PS: 28 días na vide do viño.
1 kg e 5 kg.

Nova formulación fungicida, sistémico e de contacto, que se absorbe en 30 minutos polas partes verdes da planta. Especialmente indicado para o tratamento da vide nas primeiras mans contra a mera.

DOSE: 200 g/hl. Facer un máximo de 2 tratamentos por ano.

RIDOMIL GOLD MZ PEPITE

4% Mefenoxam (Metalaxil-M 3,9%) N° 24294
64% Mancozeb WG. PS: 14 días tomate e cogombro; 21 días pataca; 28
40x25 g, 250 g, 1 kg e 5 kg. días leituga e cebola; 30 días brócoli; NP en vide.

Nova formulación fungicida sistémico e de contacto contra a mera nos cultivos de tomate, cogombro, pataca, leituga, cebola, brócoli e vide. Tamén contra alternaria de pataca e tomate e septoria en tomate.

DOSE: 200-250 g/hl.

RIDOMIL GOLD GRANULADO

2,5% Mefenoxam (Metalaxil-M 2,4%) N° 22193
5 kg. PS: 15 días cítricos, amorodos, maceiras, pereiras
e pementos.

Nova formulación fungicida sistémica en forma de granulado para o control de Phytophthora nos cultivos de cítricos, amorodos, maceiras, pereiras e pementos.

DOSE: 10-20 kg/ha en amorodo, 30 kg/ha en pemento. En maceira e pereira 20-40 g/árbore.

SCORE 25 EC

25% Difenconazol EC. N° 18767
250 ml e 1 l. PS: 3 días en tomate. 7 días en melocotón,
albaricoque, cerdeira, ameixa e leituga. 14
días en apio, pereira, maceira, néspera. 30 días
noutros cultivos. NP en caraveis, dalia, rosál, caqui
e esparrago.

Fungicida de acción sistémica, preventivo e curativo. Nos cultivos de caravel e espárrago para fungos; apio contra septoria; leituga, pataca e tomate contra alternaria; pereira contra moteado, fungos e septoria; maceira e néspera contra moteado; melocotoeiro e albaricoqueiro contra abolladura, cribado, monilia e oidio; ameixa contra monilia e oidio; cereixa contra monilia.

DOSE: caravel, esparrago e apio: 0,5l/ha; pataca 0,5-0,6 l/ha; tomate 50-64 ml/hl; pereira e nespero 20ml/hl; melocotoeiro, albaricoqueiro, ameixa e cereixa 30 ml/hl.

SWITCH

37,5% Ciprodinil. N° 21714
25% Fludioxonil WG. PS: 2 días amorodos, 3 días berenxena, tomate,
25x20 g, 300 g, 1 kg e 5 kg. corcubitáceas de pel comestible, pemento
e feixóns verdes. 7 días en viña, leituga,
albaricoqueiro melocotoneiro ameixa e cerdeira.
14 días en pereira. 28 días en feixóns (fabas).

Fungicida específico contra botrite nos cultivos de viña, amorodos, pemento, melocotoeiro, albaricoqueiro, cerdeira, ameixeira, feixóns verdes, leitugas, berenxena, tomate, corcubitáceas de pel comestible y feixóns (faba). Tamén controla monilia, sclerotinia e asperxilo.

DOSE: 60-100 g/hl en todos os cultivos excepto en amorodo 0,8 - 1 kg/ha, pereira 80-100 g/hl, albaricoqueiro 60 g/hl, cerdeira 80 g/hl, ameixa e melocotoneiro 80-100 g/hl, leituga 500-600 g/ha e viña 600-1000 g/ha.

TELLUS

Trichodermaasperellum (cepa icc012) 2% (5 x 10⁷ ufc/g)
+ Trichodermagamsii (cepa icc080)
2% (5 x 10⁷ ufc/g).
1 kg.

Nº25.234

PS: NP.

Funxicida para o control de podreimas de colo e raíces producidas por Phytophthora en pemento, tomate, amorodo, berenxena, melón e cabaciña, e podremia branca producida por sclerotinia en leituga. Tellus é un formulado estabilizado, que precisa da súa activación biolóxica antes da aplicación en campo. Aconséllase a hidratación/activación do produto con auga, mediante a preparación dunha suspensión duns 500 g en 5 litros de auga, nun tempo non inferior a 5 minutos. Para unha colonización en chan máis rápida, o tempo de hidratación pódese alongar a 24-36 horas.

DOSE: en viveiro, aplicar en mestura co substrato unha dose de 0,25 kg/m³ de substrato. En terreo de asento, efectuar 2 aplicacións: a primeira, en pulverización ao chan 7-10 días antes da sementeira ou plantación; e a segunda, inmediatamente despois da sementeira ou transplante a razón de 2,5 Kg/ha e aplicación.

THIOVIT JET

80% Xofre en microgránulos mollables. N° 12901
1 Kg, 10 kg e 25 kg.

PS: NP.

Funxicida a base de xofre en microesferas, con acción por contacto e vapores, contra oídio, ácaros, eriofidos e negrilla, nos cultivos da vide, hortícolas, froiteiras e outros cultivos.

DOSE: 200-500 g/hl.

TOPAS 200 EW

20% Penconazol.
50 ml, 100 ml, 500 ml e 1 l.

N° 21291

PS: 3 días en melón, sandía, cucurbitáceas de pel comestible, cogombro, amorodo, pemento e tomate. 14 días en vide e outros cultivos.

Funxicida antioídio, sistémico de acción preventiva que ademais detén a infección durante o período de incubación. Para cultivos de viña, froiteiras, amorodos e outros cultivos.

DOSE: 15 - 25 ml/hl conforme os cultivos.

HERBICIDAS

AMADEUS TOP

50% p/p Tifensulfuron-metil. N° 25.522

25% p/p Tribenuron-metil. PS: NP

5 l.

Está autorizado para o seu uso como herbicida en posmerxencia en cultivos de trigo e cebada contra malas herbas dicotiledóneas. Controla poboacións invasoras de compostas (como *Matricaria*, *Anthemis*), crucíferas (como *Diplotaxis*, *Sinapis*), *Papaver*, *Stellaria*, *Fumaria*, *Urtica*, *Lamium* e *Salsolaki*, entre outras.

DOSE: 30 - 50 g/ha.

AUROS PLUS

80% Prosulfocarb EC. N° 18087

20% Triasulfuron WG. N° 17925

3x3 l + 6x15 g.

Combinado herbicida de pre e postemerxencia contra herbas anuais de folla estreita e ancha. Para utilizar nos cultivos de trigo e cebada.

DOSE: Para trigo aplicar pouco despois da sementeira e antes de que as herbas teñan dúas follas. En cebada aplicar en postemerxencia do cultivo e antes de que as herbas teñan dúas follas. 4-6 l/ha do AUROS (Prosulfocarb 80%) máis 20-37,5 g/ha do LOGRAN (Triasulfuron 20%).

AXIAL PRO

6 % Pinoxaden EC.

N° ES00015

1 e 5 l.

PS: NP

Novo herbicida de postemerxencia de alta eficacia, contra avea, xoio e outras gramíneas nos cultivos de trigo e cebada. Aplicar a partir de 3 follas do cereal e cando as malas herbas nazan. A eficacia do produto non se ve alterada polas baixas temperaturas.

DOSE: 0,5 - 1 l/ha.

BANVEL D

48% Dicamba SL.

N° 11533

1 l.

PS: 2 meses para a colleita da forraxe ou a entrada do gando. NP no millo.

Herbicida de postemerxencia contra herbas anuais de folla ancha. Traslócase a través das follas, brotes e raíces.

Para utilizar nos cultivos de trigo, cebada, avea, millo, pradeiras de gramíneas e céspedes.

DOSE: No millo aplicarase cando teña entre 4-8 follas a dose de 600-750 ml/ha. En cereais dende 3 follas ata o final do afillado a dose de 300 ml/ha. En pradeiras e céspedes 600 ml/ha.

BANVEL TRIPLE

29,6% 2,4-D amina. 26,5% MCPA amina.
10% Dicamba amina SL.
1 l e 5 l.

Nº 13537

PS: 21 días dende a aplicación ata o consumo do pasto polo gando.

Herbicida de postemerxencia contra todo tipo de malas herbas de folia ancha nas pradeiras e céspedes de gramíneas xa establecidos. Tamén para os cultivos de: trigo, cebada, avea e centeo.

DOSE: 0,8-1,5 l/ha (200-375 ml/hl). En pradeiras aplicarase preferentemente ó inicio da brotación ou 1-2 semanas despois dun corte. En cereais o mellor momento é o afillado antes de encanar. A temperatura debe ser entre 12-24°C.

CALLISTO

10% Mesotrione SC.
5 l.

Nº 22313

PS: NP.

Herbicida para o cultivo do millo, contra a xuncia e outras herbas cando estas son noviñas.

DOSE: 0,75-1,5 l/ha. Bótase co millo nacido e cando a xuncia é noviña, entre 2-4 follas. Pódese facer o tratamento entre o millo se xorde ata o estado de oito follas do cultivo.

CAMIX

40% S-Metolacloro. 4% Mesiotrione, SE.
5 l e 20 l.

Nº 24063

PS: NP.

Novo herbicida de pre e postemerxencia precoz contra herbas de folia estreita e ancha no cultivo de millo. CAMIX leva na súa composición unha substancia protectora que impide producir fitotoxicidade ao cultivo (Benoxacor).

DOSE: 3,75 l/ha

CASPER

50% Dicamba (sal sódico) +
5% Prosulfuron [WG] P/P .
1 kg .

Nº 25.411

PS: NP.

Herbicida en forma de gránulo dispersable, cun amplo espectro de control sobre malas herbas dicotiledóneas, anuais e perennes no cultivo do millo. A aplicación debe ser en postemerxencia das malas herbas e co millo entre 3 e 8 follas.

DOSE: 0,3-0,4 kg/ha.

DUAL GOLD

96% S-Metolacloro EC.
1 l e 5 l.

Nº 22126

PS: NP.

Herbicida activo contra gramíneas anuais: Echinocloa, dixitaria, setaria, lolium, e outras.

A Xuncia é moderadamente sensible a DUAL GOLD. Indicado para os cultivos de: millo, pataca, remolacha e xirasol. As aplicacións en postemerxencia deben ser só con herbas moi noviñas.

DOSE: En pataca e remolacha 0,5-1,5 l/ha e en millo e xirasol 0,5 - 1,6 l/ha.

ELUMIS

3% Nicosulfuron + N° 25.423
7,5% Mesotriona [OD] P/V. PS: NP.
1 l e 5 l.

É un herbicida formulado como dispersión oleosa, para o control en postemerxencia de malas herbas presentes no cultivo do millo. Con gran eficacia tanto sobre gramíneas como dicotiledóneas. A aplicación debe ser en postemerxencia das malas herbas e co millo entre 3 e 8 follas.

DOSE: 1-2 l/ha.

FUSILADE MAX

12,5% Fluazifop-p-butil EC. N° 15814
1 l e 5 l. PS: 21 días para colleitas e entrada do gando; 3 meses para sementar cereais.

Herbicida selectivo nos cultivos de folla ancha, sistémico de postemerxencia para o control de gramíneas anuais e perennes. Pode botarse nos cultivos de: pataca, leguminosas, hortas, cultivos industriais, ornamentais, herbáceas e leñosas. Tamén en froiteiras e vide.

DOSE: 1,25-2 l/ha para gramíneas anuais, en perennes duplicar a dose e facer unha aplicación. Vide, froiteiras de folla caduca e cítricos 4 l/ha.

PRIMEXTRA LIQUIDO GOLD

31,25% S-Metolacloro. N° 22199
18,75% Terbutilazina. PS: NP.
5 l.

Herbicida a base dunha adecuada combinación de dúas substancias activas que permiten combater as gramíneas e dicotiledóneas anuais que invaden normalmente o cultivo do millo de consumo ou de forraxe. En condicións normais poden sementarse ou plantarse calquera dos cultivos que poden seguir ao millo nunha rotación normal.

DOSE: 4 l/ha.

REGLONE

20% Dicuat SL. N° 12346
1 l. PS: 15 días.

Herbicida de contacto de acción rápida e eficaz contra as malas herbas. Axeitado para desecante de diversos cultivos facilitando as colleitas. Autorizado en patacas, millo, xirasol e algodón como desecante. Noutros cultivos, como herbicida de pre-laboreo ou para botar entre liñas sen mollar as follas do cultivo.

DOSE: 1,5 - 4 l/ha segundos cultivos.

REMINEL

20% p/v Fluroxipir. N° 25.526
1x50 g + 2x1 l. PS: 15 días en millo, prados de gramíneas, trigo, abeleiras, cítricos e froiteiras de pebida e 120 días en oliveiras.
NP en millo, trigo e cebada.

Herbicida sistémico selectivo; recomendado para o control de malas herbas perennes de folla ancha. Absórbese doadamente polas follas. Translócase rapidamente na planta polo xilema e o floema, acumulándose nas zonas meristemáticas. As plantas afectadas exhiben síntomas de epinastia foliar e crecementos desiguais que lles causan a morte. Auxina sintética, interfere no metabolismo dos ácidos nucleicos. Ademais afecta outros procesos como a fotosíntese e a respiración.

DOSE: 0,75 - 1,5 l/ha segundo cultivo.

TERAFIT

Flazasulfuron 25% p/p.
50 e 200 g.

Nº 21.990
PS: NP.

Herbicida residual e de contacto para o control de malas herbas tanto gramíneas coma dicotiledóneas e ciperáceas, en cultivos de oliveiras, viña e cítricos. É un herbicida sistémico para aplicacións de preemergencia e postemergencia temperá con actividade residual e de contacto para o control de malas herbas de folla ancha e estreita, así como ciperáceas en cultivos establecidos. Absórbese polas follas e as raíces das malas herbas en crecemento activo e permite un control prolongado das malas herbas sensibles.

DOSE: 0,06-0,2 kg/ha segundo cultivo.

TOUCHDOWN PREMIUM

36% Glisofato (sal amónica) SL.
1 l, 5 l, 10 l e 20 l.

Nº 25428
PS: 7 días en canaas para facer recircular o auga.
NP demais cultivos.

Herbicida sistémico, non selectivo de post-emergencia, contra todo tipo de herbas, incluídas as perennes e malezas leñosas, cun gran ámbito de aplicación. Plantacións de aguacate, cereais, froiteiras de folla caduca, limoeiro, laranxeira, oliveira, plataneiro, terreos agrícolas, terreos forestais e vide, redes viarias y de servizo agrícola. Grazas á tecnoloxía Sistem 4, Touchdown Premium actúa máis rápido, e en condicións difíciles obtéñense mellores eficacia ca con outros herbicidas sistémicos.

DOSE: 2-5 l/ha (segundo cultivo).



PRODUCTOS VARIOS

ABOFOL-L

24% Nitróxeno (N) total baixo varias formas.
16% Fósforo (P_2O_5) soluble. 12% Potasio (K_2O)
soluble. 0,02% Boro (B) e 0,04% Zinc (Zn)
quelados por $EDTA-Na_2$. Sólido cristalino.
5 kg.

Registro de fertilizantes e afíns
PS: NP.

Fertilizante foliar que estimula e regula a vexetación das plantas, diminúe os problemas de carencias e mellora a calidade das colleitas. Axuda a recuperar os cultivos nos accidentes climáticos. Autorizado para todos os cultivos.

DOSE: 100 g/hl. Tamén pode aplicarse á terra para ser tomado polas raíces dos cultivos.

ISABIÓN

Complexo de aminoácidos LS.
1 l, 5 l, 20 l, 120 l e 640 l.

Registro de fertilizantes e afíns.

Nutriente orgánico bioestimulante da vexetación das plantas en todo tipo de cultivos. Aplicar na fase de crecemento das plantas, especialmente indicado en cultivos cativos ou afectados por accidentes climatolóxicos, fitotóxicidades, etc.

DOSE: En aplicación foliar 200-500 ml/hl (4-5 l/ha). En aplicacións a terra, pode incorporarse coa rega (3-4 l/ha) e 4 aplicacións. Un máximo de 15 l/ha.

KLERAT BLOCK

0,005% Brodifacoum. Bloques parafina. BB.
500 g, 5 kg e 10 kg.

Nº RPDGSP: 08-10-00838
y 08-10-00838 HA.

Raticida moi activo por inxestión contra todo tipo de roedores, tamén para os resistentes a outros anticoagulantes. Controla ratas, ratos e toupas de campo. Formulación axeitada para almacéns, recintos, exteriores, colectores.

DOSE: colocar os bloques en portacebos en bastantes puntos por toda a superficie infestada, cerca de onde os roedores teñen os seus niños, tobos ou galerías, principalmente onde estiveron alimentándose ou causando danos. Apto para uso zosanitario.

SUPER KLERAT

0,005% Brodifacoum.
Cebo granulado coloreado. GB.
250 g.

Nº RPDGSP: 08-10-00837
y 10-10-00837 HA.

Raticida moi activo por inxestión contra todo tipo de roedores, tamén para os resistentes a outros anticoagulantes. De utilización en almacéns e recintos agrícolas exteriores ou interiores. **Ratas:** adoitan alimentarse en lugares ocultos cos que estean familiarizadas. Colocarse en cada punto o contido dunha bolsiña nun portacebos e a intervalos de 5-10 metros. Debido a que as ratas son moi desconfiadas, recoméndase non facer limpeza nin mover os obxectos nos lugares tratados, ata a finalización da desratización.

Ratos: con dos bolsiñas de 25 g pódense facer de 2 a 4 puntos de cebo, situando os portacebos a intervalos de 2-5 metros. Como os ratos son comedores esporádicos e tenden a explorar novos lugares, recoméndase cambiar os cebos de sitio periodicamente. Ao abrir as bolsiñas, colocar os gránulos nun portacebos no punto elixido, e revisalos cada 7-8 días; reponer aqueles puntos de cebo onde este tivese sido comido. Apto para uso zosanitario.



Valor dos ferrados galegos en metros cadrados

PROVINCIA DA CORUÑA

A Baña	528	Cerceda	639	Mugardos	548
A Coruña	444	Cerdido	509	Muros	335
Abegondo	436	Cesuras	436	Muxía	424
Ames	639	Coiros	436	Narón	509
Aranga	436	Corcubión	424	Neda	509
Ares	548	Coristanco	524	Negreira	528
Arzúa	536	Culleredo	444	Noia	420
As Pontes	548	Dodro	420	Oleiros	444
Ateixo	444	Dumbria	424	Ordes	639
Bergondo	436	Enfesta	639	Oroso	639
Betanzos	436	Ferrol	509	Ortigueira	444
Boimorto	536	Fisterra	424	Outes	396
Boiro	484	Frades	636	Oza dos Ríos	436
Boqueixón	639	Irixoa	436	Paderne	436
Brión	500	Laracha	524	Padrón	420
Cabana	524	Laxe	524	Pino	536
Camariñas	424	Lousame	420	Pobra do Caramiñal	484
Cambre	444	Malpica	524	Ponteceso	524
Capela	548	Mañón	548	Pontedeume	548
Carballo	524	Mazaricos	424	Porto do Son	480
Cariño	444	Melide	536	Rianxo	484
Carnota	400	Mesía	603	Ribeira	484
Carral	444	Miño	548	Roís	424
Cedeira	509	Moeche	509	Sada	436
Cee	436	Monfero	548		

PROVINCIA DA CORUÑA

Sadurniño	509	Teo	639	Vedra	639
Santiago	639	Toques	536	Vilamaior	548
Santiso	536	Tordoia	639	Vilasantar	536
Sobrado	536	Touro	536	Vimianzo	424
Somoza	509	Trazo	640	Zas	424
Sta. Comba	528	Val do Dubra	640		
Teixeiro	536	Valdoviño	509		

Outras Medidas:

En Rianxo úsase a **Cunca** que son 35 m². O ferrado ten 12 Cuncas.

En Boiro úsase **Cuartillo** que son 22,33 m².

En Rois úsase **Cuartillo** que son 17,50 m².

Na Pobra do Caramiñal úsase a **Cunca** que son 40 m².

PROVINCIA DA LUGO

A Fonsagrada	507	Friol	436	Pantón	489
A Pastoriza	504	Guntín	436	Paradela	559
A Pobra de Brollón	465	Láncara	629	Páramo	559
A Pontenova	504	Lourenzá	638	Pedrafita	578
Abadín	504	Lugo	436	Pol	496
Alfoz	714	Meira	514	Portomarín	671
Antas de Ulla	604	Mondoñedo	612	Quiroga	465
As Nogais	621	Monforte	489	Rábade	436
Baleira	714	Monterroso	604	Ribadeo	612
Barreiros	714	Muras	548	Ribas do Sil	465
Becerreá	578	Navia de Suarna	650	Ribeira de Piquín	514
Begonte	525	Negueira de		Riotorto	504
Bóveda	489	Muñiz	507	Samos	559
Carballedo	629	Neira de Xusa	610	Sarria	629
Castro de Rei	629	O Corgo	436	Sober	484
Castroverde	496	O Incio	559	Taboada	604
Cervantes	553	O Saviñao	559	Trabada	638
Cervo	725	O Valadouro	714	Triacastela	430
Chantada	629	O Vicedo	548	Vilalba	546
Cospeito	525	Ourol	548	Viveiro	548
Courel (Folgosos)	436	Outeiro de Rei	436	Xermade	525
Foz	714	Palas de Rei	604	Xove	725

Outras Medidas:

En Riotorto: **Fanega** igual a 4 Ferrados, **Ferrado** igual a 2 Tegos, **Tego** igual a 4 Cuartillos.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA

A Caniza	437	Gondomar	541	Pontevedra	629
A Estrada	629	Lalin	536	Portas	629
A Lama	217	Marín	472 ou 504	Redondela	69
Agolada	536	Meaño	629	Ribadumia	629
Arbo	437	Meis	629	Rodeiro	536
As Neves	629	Moaña	472	Salvaterra	437
Baiona	539	Mondariz	432	Sanxenxo	629
Bueu	472	Moraña	648	Silleda	536
Caldas de Reis	672	Mos	497	Soutomaior	64
Cambados	629	Nigrán	541	Tomiño	629
Campolameiro	629	O Covelo	264	Tui	497
Cangas	472	O Grove	629	Valga	629
Catoira	629	O Porriño	497	Vigo	541
Cerdedo	528	Oia	402	Vila de Cruces	536
Crecente	437	Pazos de Borbén	74	Vilaboa	629
Cuntis	629	Poio	629	Vilagarcía	545
Dozón	536	Pontearreas	437	Vilanova	
Forcarei	500	Pontecaldeas	629	de Arousa	672
Fornelos de Montes	74	Pontecesures	420	Vilaxoán	603
		Pontesampaio	629		

Outras Medidas:

No Morrazo e ría de Vigo úsase moito a **Vara**, que vale no Morrazo 7,37 m², e en Vigo 4,57 m².

En Pontevedra, Caldas e Cambados úsase a **Cunca**, a doceava parte do **Ferrado** que vale 52,40 m². En Godos e Sair 56 m². O **Ferrado** 12 veces a **Cunca**.

Na Estrada e Lalin úsase o **Cuartillo**, que vale na Estrada 26 m² e en Lalin 22,34 m².

En Pontecesures a **Cunca** ten 35 m².

Estadal: 12 pés = 336 cm.

PROVINCIA DE OURENSE

O **ferrado** vale: 629 m²

Outras Medidas:

Nas terras adicadas a viñedo, a **Cavadura** vale 437 m² ou 435 m², segundo as zonas.

O **Xornal** son 124 m². En lugares con pendente da Ribeira Sacra, unha "**cavadura**" ou "**home de cava**", equivale a 100 cepas ben desenvolvidas.

- Nas terras adicadas a outros cultivos, a **Tega** vale 388 m², a **Fanega** 4.141 m².
- Na Porquelra, a **Tega** son 906 m² o **Copelo**, 21 m².
- Para medidas do cereal, unha **Tega** equivale a 14 quilos de centeo, e unha **Fanega** son cinco **Tegas**.
- O **Copelo**, en Celanova e A Bola, son 20 m².
- En Valdeorras a **Maquía** son 120 m²; en Verín son 22,22 m².

Para medir capacidades en distintas zonas de Ourense, empréganse as seguintes medidas:

- **Ola**: equivale a 16 litros ou 16,5 litros, segundo as zonas.
- **Moio**: equivale a 8 olas (128 ou 132 litros).
- **Cabazo**: son 20 litros.
- **Cuartá e Media Cuarta**: son 20 e 101 litros respectivamente.
- **Cántara**: son 16 litros. O **Canado** son dúas Cántaras (32 litros).



IBIOS EN SOBER

Conta unha lenda que, tras o diluvio universal, Noé enviou os seus descendentes para buscar a terra prometida. Nun enorme barco de madeira e despois de moitos meses remontando as axitadas augas que alagaban vales e montañas, chegaron a esta terra. A néboa, que durante moito tempo rodeou a embarcación e que provocou desorde nos seus sentimentos, desapareceu unha luminosa mañá na que o sol volveu brillar con forza. Pouco a pouco as augas comezaron a reman-sarse, os ríos debuxaron de novo os seus camiños e o Sil volveu correr tranquilo pola súa canle de outrora. Os canóns e cantís volveron poboarse de aves e floreceron as primeiras orquídeas pre-saxiando un futuro colmado de vida.

Os homes da embarcación admiraron marabillados as abruptas e fértiles

ribeiras e rumorearon ditosos por atopar, por fin, unhas augas calmas e unha terra fecunda na que establecer vínculos eternos. Subiron as zigzagueantes ladeiras coroadas de aciñeiras, castiñeiros e carballos que alagaban co seu verdor a ribeira e, nunha extensa lomba, construíron as primeiras casas de pedra e fundaron unha aldea á que bautizaron co nome da Ibia.

Din que mesturaron as súas cepas coas do lugar e que tapizaron toda a ribeira do Sil con esas valentes vides que se afixeron a mirar ao río desde as súas empinadas ladeiras. Aínda se poden ver, agochados entre a maleza, os muros das súas vivendas mimetizadas coas viñas, e das súas prensas de viño e de aceite, como vestixios dun pasado que forxou esta terra con riqueza e abundancia."





Contan os que por alí habitan que, nos Peares, escóitase o feliz murmurio do Miño e o Sil cando mesturan as súas augas. Din que todo comezou hai moitos moitos anos, cando Xúpiter, o máis poderoso dos deuses, señor dos ceos, a choiva e o raio, chegou nun carro tirado por catro briosos cabalos brancos e, farto das mil guerras e desafíos do seu enorme imperio, detívose en Galicia a descansar. Tanto lle gustou esta terra e tan gratos os praceres que nela achou, que, para non esquecer onde estaba e poder volver noutra das súas innumerables viaxes, fixo unha marca de lado a lado co seu poderoso raio. Esa fenda converteuse na conca do Miño.

Xuno, a súa esposa, anoxada polo exceso de apaixonamento que o seu marido

mostraba por estas terras e celosa das súas moitas aventuras amorosas, quixo borrar a marca de Xúpiter e, nun arrebatado de furia, trazou unha profunda brecha sobre a súa marca. Ese tallo formou o que hoxe coñecemos como os Canóns do Sil.

O deus Xúpiter, anoxado pola afronta da súa muller, castigou a Xuno a vivir nesa paraxe ata que alcanzase o seu arrepentimento. Pero ela foi tan feliz nesa luminosa e fértil terra, que non só lle pediu perdón, senón que o convenceu para xuntar as súas vidas e convertérense ambos en ríos: ela sería o Sil e el o Miño e xuntaríanse nos Peares e transcorrerían as súas vidas xuntos, como dous amantes reconciliados.

O herbicida cheo de tecnoloxía

System 4
TECHNOLOGY



 **TouchdownPremium**[®]

syngenta[®]

Herbicida non selectivo de postemerxencia, de potente efecto sistémico que controla todas as malas herbas anuais e perennes, mesmo as máis difíciles

Enderezos dos nosos colaboradores

PARA GALICIA - ASTURIAS

AGRO-REZA, S.L.

(Ourense - Oeste)
agro-reza@mundo-r.com

R/ Reza nº 12 (Galerías Roma)
32003 - **OURENSE**
Telf. e Fax: 988 222834 - 988 227553
Móbil: 692 642118 / 119

AGROVAL S.L.

(Pontevedra - Centro/Sur)
administracion@agrovalsl.com

As Gándaras de Prado s/n
(Fronte Campo de Fútbol de Budiño)
36475 - **O PORRIÑO** - Budiño
Telf. e Fax: 986 346765 - 986 346766

ALMACENES ROYAL S.L.

(A Coruña - Norte)
agricultura@almacenesroyal.com

R/ Fraga Iribarne nº 48
15300 - **BETANZOS**
Telf.: 981 772714 Fax: 981 772600
Móbil: 689 248630

ASAGRO, SERVICIOS AGRÍCOLAS, S.L.

(Asturias - Leste. Cantabria)
asagro@asagro.org

Polígono Silvota, parcela R 45
33192 - **LLANERA** (Asturias)
Telf.: 985 265898 Fax: 985 250764
Móbil: 608 473131

CAMPONOVO PROTECCIÓN DE CULTIVOS S.L.

(Pontevedra - Norte, Coruña - Sur)
p.cultivos@camponovo.es

Polígono industrial Novo Milladoiro
Rúa das Palmeiras, 57 - A2 15895 - **AMES** (A Coruña)
Telf.: 981 535420 Fax: 981 535422
Móbil: 606 990537

FITOAGRARIA S.L.

(Ourense - A Limia, Monterrei)
fitoagariasl@gmail.com

R/ Dous de Maio nº 57
32630 - **XINZO DE LIMIA**
Telf. e Fax: 988 462560 y 639 815999

HORTA LEMOS

(Lugo - Centro/Sur)
correo@hortagalega.es

Ctra. N-540 - Km 4,6
27210 - **SANTA EULALIA DE ESPERANTE**
Telf. e Fax: 982 24 60 19 Móbil: 696 902575

XARDINAGRO S.L.

(Lugo - Norte. Asturias - Oeste)
xardinagro@camponovo.es

R/ Linares Rivas nº 4
27760 - **VILANOVA DE LOURENZÁ**
Telf. e Fax: 982 121002
Almacén Telf. 982 121613

Enderezos de SYNGENTA AGRO:

No **PORRIÑO**: A Relva s/n 36400 - O **PORRIÑO** (Pontevedra) Telf.: 986 330300 - 986 331004 Fax: 986 335855
En **MADRID**: C/ Ribera del Loira nº 8-10, 3ª Planta; 28042 **MADRID** Telf.: 91 3876410 (Centralíña); Fax: 91 7210081

Os contidos desta publicación son propiedade de Syngenta España S.A.U. Prohíbese a súa reprodución total ou parcial, por calquera medio, sen a autorización previa e por escrito de Syngenta España S.A.U.

Super KLERAT

RATICIDA PARA
ROEDORES COMENSAIS

PELLETS

¡Un só bocado basta!



UNHA SOLUCIÓN DE FÁBULA
PARA O CONTROL
DE RATAS E RATOS

syngenta.



Camix[®]

protexe a túa
colleita
coida o seu futuro



Camix[®]

syngenta.

Herbicida de pre e
postemerxencia precoz do millo

TM

2016

Calendario do Ano

Xaneiro							Febreiro							Marzo						
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
				1	2	3	1	2	3	4	5	6	7	1	2	3	4	5	6	
4	5	6	7	8	9	10	8	9	10	11	12	13	14	7	8	9	10	11	12	13
11	12	13	14	15	16	17	15	16	17	18	19	20	21	14	15	16	17	18	19	20
18	19	20	21	22	23	24	22	23	24	25	26	27	28	21	22	23	24	25	26	27
25	26	27	28	29	30	31	29							28	29	30	31			

Abril							Maio							San Xoan						
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
				1	2	3							1			1	2	3	4	5
4	5	6	7	8	9	10	2	3	4	5	6	7	8	6	7	8	9	10	11	12
11	12	13	14	15	16	17	9	10	11	12	13	14	15	13	14	15	16	17	18	19
18	19	20	21	22	23	24	16	17	18	19	20	21	22	20	21	22	23	24	25	26
25	26	27	28	29	30		23 ^{/30}	24 ^{/31}	25	26	27	28	29	27	28	29	30			

Santiago							Agosto							Setembro						
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
				1	2	3	1	2	3	4	5	6	7				1	2	3	4
4	5	6	7	8	9	10	8	9	10	11	12	13	14	5	6	7	8	9	10	11
11	12	13	14	15	16	17	15	16	17	18	19	20	21	12	13	14	15	16	17	18
18	19	20	21	22	23	24	22	23	24	25	26	27	28	19	20	21	22	23	24	25
25	26	27	28	29	30	31	29	30	31					26	27	28	29	30		

Outubro							Novembro							Nadal						
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
				1	2		1	2	3	4	5	6				1	2	3	4	
3	4	5	6	7	8	9	7	8	9	10	11	12	13	5	6	7	8	9	10	11
10	11	12	13	14	15	16	14	15	16	17	18	19	20	12	13	14	15	16	17	18
17	18	19	20	21	22	23	21	22	23	24	25	26	27	19	20	21	22	23	24	25
24 ^{/31}	25	26	27	28	29	30	28	29	30					26	27	28	29	30	31	

■ Festa Nacional ■ Festa Autonómica